

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2014.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 26 de febreiro de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

Dª MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

Dª. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

Dª MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

Dª MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

Dª. BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Non asisten:

Dª MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

Secretario: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello Dª. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.12.2013.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.12.2013 AO 21.02.2014.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2013 E DO INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2014 E CADRO DE PERSOAL.

7º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 4º TRIMESTRE DE 2013.

8º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2013.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

11º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DERROGACIÓN DO REGULAMENTO DOS PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NAS ACTIVIDADES E SERVIZOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E LICENZA DE APERTURA.

12º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE NOVA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E OS SEUS PREZOS PÚBLICOS.

13º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2013.

14º) MOCIÓNS.

15º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 14.02.2014, ditaminada favorablemente a súa ratificación pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25.02.2014, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que en casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola Alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da Alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que xunto co orzamento, que se atopa confeccionado na súa práctica totalidade, ten que tramitarse un informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria e do cumprimento da regra do gasto, que se atopan pendentes de supervisión, traballo que esixe unha dedicación exclusiva e pausada pola transcendencia dos mesmos.

Resultando que estes informes en principio estarán confeccionados nos próximos días, polo que non tería moito sentido celebrar un Pleno extraordinario cunha diferenza duns días sobre a data prevista do Pleno ordinario do 19.02.2014, e en virtude do principio de eficiencia polo aforro que supón esta medida nos actuais tempos de crise xeralizada, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 19 de febreiro ao 26 de febreiro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda ratificada a resolución da Alcaldía nos seus propios termos.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.12.2013.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 18 de decembro de 2013.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.12.2013 AO 21.02.2014.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

13.12.13.- Aprobación do listado de familias beneficiarias da fase de distribución de alimentos da campaña Brión Solidario para decembro de 2013.

13.12.13.- Comisión de servizos dun traballador para o acompañamento do grupo de nenos para a actividade de liga de fútbol das escolas deportivas municipais.

16.12.13.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 17 de decembro de 2013.

16.12.13.- Solicitud de adhesión do Concello de Brión ao plan de servizos sociais comunitarios da Deputación da Coruña para o 2014.

16.12.13.- Aprobación da xustificación e recoñecer a obriga co IES de Brión polo importe total de 2.000 euros da subvención outorgada no 2013.

16.12.13.- Aprobación da xustificación e recoñecer a obriga co CEIP de Pedrouzos polo importe de 3.000 euros da subvención outorgada no 2013.

16.12.13.- Aprobación da xustificación e recoñecer a obriga coa Asociación Cultural Festa do Cabalo polo importe total de 1.200 euros da subvención outorgada no 2013.

16.12.13.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecer a obriga coa Asociación de Mulleres Xuntanza polo importe total de 1.200 euros da subvención outorgada no 2013.

16.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 10.162,54 euros (Gas Natural Servicios SDG SA).

16.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 79.016,60 euros (facturas varias).

16.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

16.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 13.047,16 euros (Gas Natural Sur SDG SA).

16.12.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 37/2013.

17.12.13.- Deixar sen efecto a resolución de alcaldía de data 5 de decembro de 2013 de solicitude de subvención para actividades de promoción económica.

17.12.13.- Deixar sen efecto a resolución de alcaldía de data 5 de decembro de 2013 de solicitude de subvención para investimentos de promoción económica.

17.12.13.- Solicitude dunha subvención para actividades de promoción económica durante o ano 2014.

17.12.13.- Solicitude dunha subvención para investimentos de promoción económica durante o ano 2014.

17.12.13.- Baixa no servizo de axuda no fogar a un veciño.

17.12.13.- Baixa no servizo de xantar na casa a un veciño.

17.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 510,75 euros (Euroconsult).

18.12.13.- Pago da extra aos traballadores do Concello.

18.12.13.- Aprobación da xustificación e recoñecer a obriga coa Asociación Banda de Música polo importe total de 2.487,73 euros da subvención outorgada no 2013.

18.12.13.- Aprobación da xustificación e recoñecer a obriga coa Asociación de Caza Altamira polo importe total de 2.500 euros da subvención outorgada no 2013.

18.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 26.644,13 euros (cota outubro 2013 Mancomunidade Serra do Barbanza).

18.12.13.- Aprobación da liquidación dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 17 de decembro.

18.12.13.- Ingreso a favor do Xulgado de Primeira Instancia da cantidade retida na nómina dunha traballadora.

19.12.13.- Deixar sen efecto a solicitude de renovación da inscrición padroal e dar de baixa por cambio de residencia a un veciño.

19.12.13.- Traslado do expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento para que emita informe.

19.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.750 euros (asistencias ás sesións dos concelleiros durante o 4º trimestre).

19.12.13.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de vacacións para a terceira idade 2013.

20.12.13.- Nomeamento de funcionarios como secretario accidental durante as vacacións do titular.

20.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 65,36 euros (gastos de locomoción a un traballador).

20.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 15,20 euros (gastos de locomoción a un traballador).

20.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 117,42 euros (gastos de locomoción a un traballador).

20.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 7,98 euros (gastos de locomoción a un traballador).

20.12.13.- Pago de nóminas do mes de decembro aos traballadores do Concello.

20.12.13.- Aprobación da certificación única do Proxecto de mantemento de estradas de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira polo importe de 85.570,58 €

20.12.13.- Aprobación da certificación única do Proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles polo importe de 37.750 €

20.12.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 38/2013.

20.12.13.- Recoñecemento de trienio a unha funcionaria.

20.12.13.- Pago de produtividade.

20.12.13.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

20.12.13.- Ingreso de 109,71 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a unha traballadora.

23.12.13.- Concesión de licenza municipal para a tenza de animais dos cualificados como potencialmente perigosos a un veciño.

23.12.13.- Concesión dunha axuda de emerxencia para pagamento de material escolar a dúas veciñas.

23.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 208,41 euros (gastos de locomoción, estacionamento e peaxe a un traballador).

23.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 103,36 euros (gastos de locomoción a un traballador).

23.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27,93 euros (gastos de locomoción a un traballador).

23.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 38 euros (gastos de locomoción a un traballador).

23.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 128,04 euros (gastos de locomoción e manutención a un traballador).

23.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 122,74 euros (gastos de locomoción e manutención a un traballador).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 849,53 euros (facturas varias).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 464,11 euros (gastos de locomoción, estacionamento e dietas a un traballador).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 26,30 euros (gastos de locomoción a un traballador).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 42,30 euros (dietas de manutención).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.629,18 euros (indemnizacións ao tribunal para a cobertura dunha praza de auxiliar administrativo).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 589,68 euros (indemnizacións ao tribunal para a provisión das prazas do GES).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 189,72 euros (indemnizacións ao tribunal para a contratación de dous peóns para limpeza de parques).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 189,72 euros (indemnizacións ao tribunal para a contratación de catro peóns para limpeza de aldeas).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 8.487,17 euros (Gas Natural Servicios SDG SA).

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 11.525,63 euros (Gas Natural SUR SA).

26.12.13.- Aprobación da conta xustificativa de adquisición de material da escola infantil municipal.

26.12.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 39/2013.

26.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 150.000 euros (anualidade 2013 Abastecemento Ames-Brión).

27.12.13.- Aprobación da conta xustificativa por un importe total de 71.958,06 euros relativos á prestación do servizo de emerxencias e protección civil dende o 1 de xaneiro de 2013, ata a efectiva posta en marcha do Grupo de Emerxencias Supramunicipal.

30.12.13.- Nomeamento dun funcionario como interventor accidental durante as vacacións do titular.

30.12.13.- Autorización para celebrar os días 6 e 7 de xaneiro de 2014 os festexos de San Xulián no lugar de A Igrexa-Bastavales.

30.12.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de decembro de 2013.

30.12.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de decembro 2013.

30.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.497,82 euros (La Voz de Galicia e Telefónica de España).

30.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 88,59 euros (Asistencia Técnica Industrial SAE).

30.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 10.735,56 euros (facturas varias).

30.12.13.- Pago produtividade laborais.

30.12.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 40/2013.

30.12.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 41/2013.

30.12.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 42/2013.

31.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 110,79 euros (Reale Seguros Generales).

31.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 26.686,26 euros (cota novembro 2013 Mancomunidade Serra do Barbanza).

31.12.13.- Prórroga do orzamento de 2013.

02.01.14.- Altas no padrón de habitantes do mes de decembro.

02.01.14.- Baixas no padrón de habitantes do mes de decembro.

02.01.14.- Baixa no servizo de xantar na casa dun veciño.

02.01.14.- Baixa no servizo de axuda no fogar dunha veciña.

02.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 421,25 euros (Telefónica Móviles España).

02.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).

07.01.14.- Altas e baixas no programa de axudas ao transporte presentadas entre os días 1 de outubro a 31 de decembro de 2013.

07.01.14.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

08.01.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de catering para a escola infantil municipal por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

09.01.14.- Aprobación do expediente de contratación e pregos administrativos para o servizo de catering da escola infantil municipal.

09.01.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xaneiro de 2014.

09.01.14.- Subsanación dun erro na dirección e numeración dunha vivenda no lugar de Saíme.

13.01.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de viaxe para a terceira idade do Concello de Brión para o ano 2014.

13.01.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a un veciño.

13.01.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a unha veciña.

13.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).

14.01.14.- Orde de paralización dunha obra de construción dun alpendre en Chave de Carballo.

14.01.14.- Inicio expediente de contratación do servizo de mantemento de ascensores do CEIP, Casa do Concello e Centro Social Polivalente.

14.01.14.- Aprobación do expediente de contratación e pregos do servizo de viaxe para a terceira idade do Concello de Brión para o ano 2014.

16.01.14.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de obras de: proxecto de mellora e mantemento de camiños rurais no Concello de Brión.

17.01.14.- Contratación do servizo de ximnasia en piscina para persoas maiores, durante o ano 2014 á empresa Aquafit Gestión SL, polo importe máximo de 5.376,75 €, ive incluído.

17.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 58,08 euros (Cableuropa).

20.01.14.- Solicitar a consideración da aula CeMIT como aula de referencia para o desenvolvemento do programa de novas tecnoloxías 2014.

20.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 26.806,68 euros (cota decembro Mancomunidade Serra do Barbanza).

21.01.14.- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos de escolas culturais 2014.

21.01.14.- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos de escolas deportivas 2014.

23.01.14.- Aprobación da revisión de prezos do contrato de servizos de axuda no fogar.

24.01.14.- Ordenar a Coesco-Deza S.L. (Xerocatering-Culinaria) que continúe prestando o servizo de catering da escola infantil municipal ata o momento da formalización do novo contrato.

24.01.14.- Aprobación do expediente de contratación e pregos do servizo de mantemento dos ascensores do CEIP de Pedrouzos, Centro Social Polivalente e Casa do Concello.

24.01.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a unha veciña.

24.01.14.- Resolución expedientes sancionadores de tráfico.

27.01.14.- Incorporación dunha veciña ao servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

27.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 44.246,96 euros (facturas varias).

28.01.14.- Nomeamento dun funcionario como interventor accidental do Concello por enfermidade da titular.

28.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.288,54 euros (Telefónica España).

28.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 52,80 euros (Dirección Xeral de Tráfico).

29.01.14.- Compensación da cantidade de 1.525,15 euros en concepto de liquidacións do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana 2011 e 2012, liquidados pola Deputación á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

29.01.14.- Aprobación inicial do padrón fiscal da subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2013.

29.01.14.- Aprobación da solicitude de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014.

30.01.14.- Reiteración a un veciño da obriga de proceder á demolición das obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar en Vilanova e imposición de 2ª multa coercitiva de 2.000 €.

30.01.14.- Pago de nóminas.

30.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.415,64 euros (facturas varias).

30.01.14.- Pago de gratificacións a un laboral.

30.01.14.- Recoñecemento de trienios a laborais.

30.01.14.- Recoñecemento de trienios a un funcionario.

30.01.14.- Abono da diferenza entre os complementos específicos dun mes dos postos de secretaria e técnico de xestión.

30.01.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.01.14.- Ingreso de 109,71 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a unha traballadora.

31.01.14.- Concesión dunha licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos a un veciño.

31.01.14.- Baixa dunha veciña no servizo de axuda ao fogar.

31.01.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 2.337,30 euros (Instalaciones y Turismo Joven SA).

31.01.14.- Reintegro da cantidade de 6,01 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado de tramitación de permuta de ben municipal no Rexistro da Propiedade.

31.01.14.- Reintegro da cantidade de 140 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado da compra de roscas para a celebración da Cabalgata de Reis.

31.01.14.- Reintegro da cantidade de 11,50 € a un traballador polo pagamento anticipado derivado do gasto na compra de cinta hiladillo.

03.02.14.- Altas no padrón de habitantes do Concello no mes de xaneiro de 2014.

03.02.14.- Baixas no padrón de habitantes do Concello no mes de xaneiro de 2014.

03.02.14.- Autorización para celebrar o día 3 de febreiro de 2014 os festexos de San Brais no lugar de Soigrexia - Os Ánxeles.

03.02.14.- Concesión de axuda de emerxencia a un veciño.

03.02.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 577,12 euros (CP Agro Novo e Telefónica).

04.02.14.- Concesión de axuda de emerxencia a unha veciña.

06.02.14.- Prestar conformidade aos orzamentos presentados pola concesionaria Espina y Delfín para a realización das analíticas na fosa de Vilar-Viceso e da fosa de Salaño Pequeno e solicitude de presuposto para retirada de lodos nas fosas sépticas.

06.02.14.- Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Ames do programa integrado para o emprego Inserames-Brión VII.

06.02.14.- Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Ames para a xestión compartida do servizo de obradoiro de emprego Entre Ríos.

06.02.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xaneiro de 2014.

06.02.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xaneiro de 2014.

06.02.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de febreiro de 2014.

10.02.14.- Baixa definitiva dun recibo da taxa de recollida do lixo correspondente aos anos 2011, 2012 e 2013.

10.02.14.- Adxudicación á empresa Serunión S.A. da execución do contrato de servizos de catering da escola infantil municipal de Brión.

10.02.14.- Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico.

12.02.14.- Inicio de expediente de rectificación do inventario a 31 de decembro de 2013.

13.02.14.- Propoñer á Oficina do Censo Electoral fusionar o territorio da mesa D co territorio da mesa C quedando como local electoral para ambos territorios o local electoral situado no Teleclub de Viceso.

14.02.14.- Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 19 de febreiro ao 26 de febreiro.

14.02.14.- Declarar a caducidade das inscricións no padrón municipal de habitantes deste Concello por non ter renovada a súa inscrición padronal.

14.02.14.- Aprobar as bases do concurso de disfraces do entroido 2014.

14.02.14.- Aprobación do convenio de colaboración coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña para a revisión da facturación da enerxía eléctrica do Concello.

14.02.14.- Adxudicación á empresa Viajes Vitoria S.A. da execución do contrato de servizos de: vacacións para terceira idade 2014 Mallorca ou Algarve, por un importe unitario de 418 €/persoa, IVE incluído.

14.02.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 11.434,93 euros (facturas varias).

14.02.14.- Aprobación da liquidación de tres recibos da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

17.02.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa).

17.02.14.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 18 de febreiro.

19.02.14.- Incoación de expediente de orde de execución requirindo a titular dunha edificación sita en Souto para a limpeza e saneamento da vexetación e retirada de elementos que ameacen con caer.

21.02.14.- Convocatoria das Comisións Informativas e Pleno a celebrar o 26 de febreiro.

O Pleno queda enterado.

4º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2013 E DO INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2013 aprobada por resolución da alcaldía do 21 de febreiro de 2014, que transcrita di:

Examinada a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2013, formulada pola Intervención municipal, seguindo os principios e normas recollidos na instrución de contabilidade vixente, e con suxeición ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, resolvín :

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2013, que ten os seguintes resultados:

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	4.961.535,79
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	4.517.118,86
3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1-2)	444.416,93
4.CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (+)	0
5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman)	545.332,84
6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan)	463.153,08
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	526.596,69

FONDOS LÍQUIDOS		721.635,52
DEREITOS PENDENTES DE COBRO		353.825,72
+De orzamento corrente	25.363,15	
+De orzamentos pechados	360.231,49	
+De operacións non orzamentarias	3.318,35	
- Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva	35.087,27	
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		327.026,65
+De orzamento corrente	146.693,32	
+De orzamentos pechados	25.517,08	
+De operacións non orzamentarias	154.831,56	
-Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva	15,31	
=REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL		748.434,59
-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		341.535,07
-EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		45.596,26
=REMANENTE DE TESOURERIA. PARA GASTOS XERAIS		361.303,26

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación.

Terceiro.- Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2013, de data 20 de febreiro de 2014, que conclúe: A liquidación do orzamento do Concello de Brión do exercicio 2013 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, a regra do gasto e o límite de débeda.

O Pleno queda enterado.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de febreiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 25 de febreiro de 2014, que transcrita di:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 01/2014.

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola presentación de facturas por importe de 30.596,83 euros, e que constan no departamento de Intervención (achégase a relación no anexo), correspondentes a exercicios anteriores, e que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondía polas seguintes causas:

1º.- No caso de Gas Natural SUR S.D.G, S.A. e Gas Natural Servicios S.D.G, S.A., as facturas presentadas correspóndense con subministros facturados en decembro de 2013; no caso Christian Miller correspóndese a un servizo prestado nos meses de novembro e decembro de 2013; no caso de Compostelana de Gas 2011 S.L. a un subministro efectuado en decembro de 2013 e no caso do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar á liquidación correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2013. En todos os casos as facturas ou liquidacións correspóndense con gastos de 2013 e facturados ou liquidados en 2013 pero presentadas no rexistro do Concello en 2014, cando o exercicio 2013 xa está pechado e polo tanto os gastos non se poden imputar a el.

En vista do anterior, esta alcaldía tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no anexo xunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 15 de febreiro de 2014, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o terían sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

A vista do mesmo, en aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo 1º do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, que establece que poden aplicarse aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes

de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mencionado Real Decreto 500/1990, artigo que recolle a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, o que establece textualmente que “corresponde ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria”, esta alcaldía no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de TRINTA MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (30.596,83 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente.

GAS NATURAL S.U.R SDG, S.A.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
27/12/2013	01120660001420	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	36,57
27/12/2013	01120860002943	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOLDES, ALPUBL	165.221.00	101,67
27/12/2013	01121260000924	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	38,00
27/12/2013	01130460000518	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOLDES, ALPUBL	165.221.00	153,32
01/12/2013	01131111487701	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GANDARA, BOMBEO	161.221.00	360,87
01/12/2013	01131111490002	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O OUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	24,72
01/12/2013	01131111502912	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUITIANDE, ALPUBL	165.221.00	124,21
05/12/2013	01131210106094	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BUSTO DE FRADES, ALPUBL	165.221.00	72,82
06/12/2013	01131210123063	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ESPARIS, ALPUBL	165.221.00	158,64
06/12/2013	01131210129916	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA	920.221.00	69,08
06/12/2013	01131210134620	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA 0004, AYTO	321.221.00	196,61
06/12/2013	01131210139334	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA 10	920.221.00	33,65
06/12/2013	01131210140460	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO Nº 92 B1, BJH	920.221.00	27,75
06/12/2013	01131210141320	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES, SEMAFORO	165.221.00	749,27
06/12/2013	01131210152838	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO Nº 92 B2, BJJ	920.221.00	23,80
06/12/2013	01131210153538	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 9701, ALPUBL	920.221.00	11,77
06/12/2013	01131210158623	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO Nº 92, BJG	920.221.00	24,45
06/12/2013	01131210173322	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO Nº 92 B2, BJI	920.221.00	26,78
06/12/2013	01131210174513	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA 9700	920.221.00	19,49
07/12/2013	01131210176409	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 42	920.221.00	36,31
07/12/2013	01131210178479	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GRONZO, ALPUBL	165.221.00	136,35
07/12/2013	01131210181394	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOURENTANS, MEDICO	920.221.00	42,89
07/12/2013	01131210184977	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES 6	920.221.00	114,35
07/12/2013	01131210187399	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 42	920.221.00	7,22

07/12/2013	01131210190263	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/RUBIAL, ALPUBL	165.221.00	92,04
07/12/2013	01131210191036	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 70	330.221.00	212,06
07/12/2013	01131210191176	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O CASAL, ALPUBL	165.221.00	134,16
07/12/2013	01131210195342	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA PEDRIÑAS Nº 2	920.221.00	17,04
07/12/2013	01131210197596	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA, ALPUBL01	165.221.00	61,41
07/12/2013	01131210199800	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A GRAÑA CC	920.221.00	18,07
07/12/2013	01131210202794	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES, ALPUBL	165.221.00	519,99
07/12/2013	01131210231303	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA BIORNEIRA 1, IZQ	321.221.00	497,62
07/12/2013	01131210240011	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA Nº 16	920.221.00	15,68
07/12/2013	01131210243506	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA PEDRIÑAS Nº 5, XULGADO	920.221.00	492,28
11/12/2013	01131210282696	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ALQUEIDON, COLEG	920.221.00	7,22
11/12/2013	01131210294586	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES	340.221.00	25,16
12/12/2013	01131210309427	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS Nº 60	340.221.00	46,60
12/12/2013	01131210326927	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OSEBE, ALPUBL	165.221.00	167,11
12/12/2013	01131210330836	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAN SALVADOR	920.221.00	117,30
12/12/2013	01131210345887	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES Nº3, OBRA	920.221.00	28,60
12/12/2013	01131210365698	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS Nº53, ESCUEL	321.221.00	220,63
21/12/2013	01131210820262	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CRISTIMIL, ALPUBL	165.221.00	39,02
21/12/2013	01131210820796	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO DE ARRIBA, ALPUBL	165.221.00	122,95
21/12/2013	01131210820857	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOURENTANS, ALPUBL	165.221.00	327,70
21/12/2013	01131210823243	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	7,90
21/12/2013	01131210824203	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A GRAZA, ALPUBL	165.221.00	247,61
21/12/2013	01131210825628	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GOIANS, ALPUBL	165.221.00	96,35
21/12/2013	01131210828234	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA, ALPUBL	165.221.00	196,88
21/12/2013	01131210828932	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	65,46
21/12/2013	01131210829268	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	28,70
21/12/2013	01131210829371	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PEDREIRA, ALPUBL	165.221.00	11,43
21/12/2013	01131210829756	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TRASOUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	56,76
21/12/2013	01131210830907	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO DE ABAIXO, ALPUBL	165.221.00	125,83
21/12/2013	01131210831105	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ARDIONS, ALPUBL	165.221.00	47,99
21/12/2013	01131210831770	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ONS DE ABAIXO, ALPUB	165.221.00	95,26
21/12/2013	01131210833439	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ALFONSIN, ALPUBL	165.221.00	70,54
21/12/2013	01131210835346	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CANTELAR, ALPUBL	165.221.00	65,07
21/12/2013	01131210837947	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O RIAL, ALPUBL	165.221.00	54,07
21/12/2013	01131210845453	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ONS, ALPUBL	165.221.00	20,92

21/12/2013	01131210845637	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MATO, BOMBEO	161.221.00	7,71
21/12/2013	01131210846766	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BOAVENTURA, ALPUBL	165.221.00	33,06
21/12/2013	01131210847569	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILAR, ALPUBL	165.221.00	513,52
21/12/2013	01131210849167	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORNANDA, ALPUBL	165.221.00	71,40
21/12/2013	01131210849793	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BOIMIL, ALPUBL	165.221.00	49,71
21/12/2013	01131210856643	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES, ALPUBL	165.221.00	200,52
21/12/2013	01131210858375	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO, ALPUBL	165.221.00	27,14
21/12/2013	01131210862737	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOLDES, ALPUBL	165.221.00	28,00
21/12/2013	01131210863536	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/QUINTANS, ALPUBL	165.221.00	53,31
21/12/2013	01131210863569	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GRONZO, ALPUBL	165.221.00	22,58
21/12/2013	01131210864536	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	36,00
21/12/2013	01131210867149	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/AMAÑECIDA, ALPUBL	165.221.00	39,70
21/12/2013	01131210867737	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO DE ABAIXO, ALPUBL	165.221.00	16,42
21/12/2013	01131210868014	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MATO, ALPUBL	165.221.00	77,17
21/12/2013	01131210869886	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A TORRE, ALPUBL	165.221.00	50,81
21/12/2013	01131210872204	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/AGUIAR, ALPUBL	165.221.00	70,98
21/12/2013	01131210873524	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	126,87
21/12/2013	01131210875214	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA CC, ALPUBL	165.221.00	80,38
21/12/2013	01131210875419	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TOURIS, ALPUBL	165.221.00	64,88
21/12/2013	01131210876466	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	50,57
21/12/2013	01131210877235	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CANTELAR, BOMBEO	161.221.00	20,24
21/12/2013	01131210882247	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VEXO, ALPUBL	165.221.00	105,67
21/12/2013	01131210883181	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OMBRE, ALPUBL	165.221.00	94,09
21/12/2013	01131210884604	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SALAO PEQUENO, ALPUBL	165.221.00	255,82
21/12/2013	01131210885808	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FORXAN, ALPUBL	165.221.00	108,17
21/12/2013	01131210886582	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CRISTIMIL, ALPUBL	165.221.00	11,85
21/12/2013	01131210887652	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/NINANS, ALPUBL	165.221.00	112,09
22/12/2013	01131210893784	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A TELLEIRA, ALPUBL	165.221.00	31,82
22/12/2013	01131210894246	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LIÑARES, ALPUBL	165.221.00	315,68
22/12/2013	01131210899537	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE CARBALLO, ALPUBL	165.221.00	108,37
22/12/2013	01131210901012	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIDALOISO, ALPUBL	165.221.00	74,57
22/12/2013	01131210902815	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/REBOREDO PEQUENO, ALPUBL	165.221.00	38,73
22/12/2013	01131210903032	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O RIAL, ALPUBL	165.221.00	78,54
22/12/2013	01131210904460	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O TREMO, ALPUBL	165.221.00	27,54

22/12/2013	0131210904486	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BASTAVALIÑOS, ALPUBL	165.221.00	90,93
22/12/2013	01131210907119	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAIME, ALPUBL	165.221.00	73,18
22/12/2013	01131210907305	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS, ALPUB02	165.221.00	118,30
22/12/2013	01131210907663	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O OUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	73,36
22/12/2013	01131210908390	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GANDARA, ALPUBL	165.221.00	63,08
22/12/2013	01131210910412	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BABENZO, ALPUBL	165.221.00	101,71
22/12/2013	01131210911241	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CIRRO, ALPUBL	165.221.00	130,74
22/12/2013	01131210913988	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOIGREXA, ALPUBL	165.221.00	31,11
22/12/2013	01131210914835	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CAXUSA, ALPUBL	165.221.00	52,08
22/12/2013	01131210917870	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CASALDOEIRO, ALPUBL	165.221.00	147,85
22/12/2013	01131210919665	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BEMIL, ALPUBL	165.221.00	192,05
22/12/2013	01131210921891	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ROMARIS, ALPUBL	165.221.00	90,42
22/12/2013	01131210923061	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A XINZO, ALPUBL	165.221.00	161,66
22/12/2013	01131210929898	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOIGREXA, ALPUBL	165.221.00	91,17
22/12/2013	01131210931048	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SANIN, ALPUBL	165.221.00	56,01
22/12/2013	01131210932098	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAN SALVADOR, ALPUBL	165.221.00	56,99
22/12/2013	01131210933138	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILAS, ALPUBL	165.221.00	134,76
22/12/2013	01131210933759	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GANDARA 6 FT, BOMBEO	161.221.00	285,78
22/12/2013	01131210935873	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PEROPS, ALPUBL	165.221.00	386,74
22/12/2013	01131210935991	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O OUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	62,96
22/12/2013	01131210936073	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO, ALPUBL	165.221.00	131,94
22/12/2013	01131210936365	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO, ALPUBL	165.221.00	92,37
22/12/2013	01131210938798	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PINEIRO, ALPUBL	165.221.00	205,35
22/12/2013	01131210943307	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/REBOREDO GRANDE, ALPUBL	165.221.00	30,14
22/12/2013	01131210945694	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BALIÑO, ALPUBL	165.221.00	64,47
22/12/2013	01131210946878	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	189,18
22/12/2013	01131210947688	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PERROS, BOMBEO	161.221.00	62,48
22/12/2013	01131210919847	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAIME, ALPUBL	165.221.00	24,60
25/12/2013	01131210959105	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CABANAS, ALPUBL	165.221.00	97,99
25/12/2013	01131210962459	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOUTO, ALPUBL	165.221.00	80,32
25/12/2013	01131210968091	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILANOVA, ALPUBL	165.221.00	48,21
25/12/2013	01131210968731	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUISANDE, ALPUBL	165.221.00	136,98
25/12/2013	01131210968322	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O ENXO, ALPUBL	165.221.00	105,09
25/12/2013	01131210978736	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GONTADE, ALPUBL	165.221.00	37,28

25/12/2013	01131210984820	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ALQUEIDON, ALPUBL	165.221.00	70,14
25/12/2013	01131210986454	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMIÑO, ALPUBL	165.221.00	168,96
25/12/2013	01131210994976	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMINO AP, ALPUBL	165.221.00	11,42
25/12/2013	01131210999060	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BRANS DE ARRIBA, ALPUBL	165.221.00	149,22
25/12/2013	01131211007589	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BRION DE ARRIBA, ALPUBL	165.221.00	119,38
25/12/2013	01131211008409	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GOSENDE, ALPUBL	165.221.00	29,73
25/12/2013	01131211008532	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CABO, ALPUBL	165.221.00	76,12
25/12/2013	01131211009627	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ADOUFE, ALPUBL	165.221.00	62,04
25/12/2013	01131211015321	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE PONTE, ALPUBL01	165.221.00	207,91
25/12/2013	01131211015981	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BRANS DE ABAIXO, ALPUBL	165.221.00	65,92
25/12/2013	01131211019079	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GONTADE, ALPUBL	165.221.00	46,21
25/12/2013	01131211020851	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMIÑO, ALPUBL	165.221.00	75,21
25/12/2013	01131211022094	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ESTRAR, ALPUBL	165.221.00	89,82
28/12/2013	01131211051347	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUNDIN, BOMBEO	161.221.00	15,83
28/12/2013	01131211108000	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUNDIN, ALPUBL	165.221.00	196,84
28/12/2013	01131211129095	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUNDIN, BOMBEO	161.221.00	37,15
29/12/2013	01131211172600	SUBMINISTRO ELECTRICO PASEO PEDROUZOS	340.221.00	386,91
29/12/2013	01131211177383	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUITIANDE, ALPUBL	165.221.00	122,61
TOTAL				15.586,61

GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACION	IMPORTE
01/12/2013	FE13321136506824	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS, ALPUBL	165.221.00	473,50
01/12/2013	FE13321136506825	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O TREMO, ALPUBL	165.221.00	922,65
01/12/2013	FE13321136506826	SUBMINISTRO ELECTRICO MONTE BALADO, ALPUBL	165.221.00	338,22
03/12/2013	FE13321136675185	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOUTULLOS, ALPUBL	165.221.00	795,33
03/12/2013	FE13321136675186	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. MONTE DEVESA, ALPUBL	165.221.00	1.154,76
03/12/2013	FE13321136675187	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 70, ALPBJ	165.221.00	2.084,66
03/12/2013	FE13321136675189	SUBMINISTRO ELECTRICO PEDROUZOS, ALPUBL	165.221.00	536,93
03/12/2013	FE13321136675190	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA INXERIDO 48A, ALPUBL	165.221.00	534,23
03/02/2013	FE13321136675188	SUBMINISTRO ELECTRICO PEDROUZOS, COLEG	321.221.00	1.105,34
08/12/2013	FE13321136905206	SUBMINISTRO ELECTRICO AGRO NOVO 93CC, GARDERIA	321.221.00	919,75
01/12/2013	FE13321136506827	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 46 OBRA	230.221.00	766,66
10/12/2013	FE13321137045349	SUBMINISTRO ELECTRICO CARBALLEIRA SANTA MINIA Nº 5	330.221.00	305,02
11/12/2013	FE13321137059770	SUBMINISTRO ELECTRICO PASEO DE PEDROUZOS Nº 7	134.221.00	2.152,44

01/12/2013	FE13321136506828	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 79	920.221.00	760,22
TOTAL				12.849,71

CHRISTIAN MILLER				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
31/12/2013	042	CURSO INGLES NENOS NOVEMBRO E DECEMBRO 2013	324.227.99	960,00
TOTAL				960,00

COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
16/12/2013	152910031379	SUBMINISTRO GAS ENVASADO	134.221.03	186,81
TOTAL				186,81

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDDE E BENESTAR				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
31/12/2013	644	APORT. ECON. SERVIZO XANTAR NA CASA 4º TRIM. 2013	231.450.00	1.013,70
TOTAL				1.013,70

IMPORTE TOTAL RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 01/2014	30.596,83
----------------------------------------------------------------------	------------------

2º) Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2014 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 20 de febreiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 25 de febreiro de 2014, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2014 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e visto o informe de Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2014, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Gastos de persoal	1.959.876,41 €
CAPÍTULO 2: Gastos correntes en bens e servizos	1.890.273,45 €
CAPÍTULO 3: Gastos financeiros	26.703,81 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	437.073,82 €
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Investimentos reais	270.841,40 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital	41.386,99 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros	20.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros	191.634,16 €
TOTAL:	4.837.790,04 €

ESTADO DE INGRESOS	
A. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Impostos directos	1.490.080,62 €
CAPÍTULO 2: Impostos indirectos	33.146,42 €
CAPÍTULO 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.021.688,31 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes.....	2.112.842,34 €
CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais	5.083,08 €
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Enaxenación de investimentos reais.....	0,00 €

CAPÍTULO 7: Transferencias de capital	154.949,27 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros	20.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL:.....	4.837.790,04 €

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2014, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

5º) Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de débeda.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que estou convencido de que son os mellores orzamentos que se poden presentar no contexto actual, destacando o incremento do gasto social; respecto da explicación política dos mesmos figura na memoria do orzamento que lles foi facilitada polo que dicilo agora sería repetilo.

Engade que os datos máis significativos son no capítulo 1 o incremento dos gastos respecto do ano 2013 pola contratación do persoal do grupo de emerxencias supramunicipal, e procedeuse á amortización da praza de funcionario de aparelador que estaba na oferta de emprego público do 2010 por estar caducada a mesma.

No capítulo 2 se incrementa a axuda a domicilio tanto de dependentes como a básica, e figura tamén aquí o subministro de enerxía eléctrica que é moi importante e está prevista a instalación de novos bombeos.

No capítulo 3 baixa un 33% o pagamento polos intereses dos préstamos.

No capítulo 4 se manteñen as subvencións en xeral, especialmente en educación, e está prevista consignación para o pago de medicamentos a crónicos dentro da emerxencia social municipal; no capítulo 6 de investimentos sofre un incremento do 21% e para estar como estamos parece un aumento importante, figuran no anexo que se lles entregou e imaxinamos que os temporais farán cambiar algunha das que tiñamos previstas; no capítulo 7 vai a cantidade que nos corresponde pagar este ano á Xunta pola obra de abastecemento de auga xunto co Concello de Ames.

Remata sinalando que é o orzamento que podemos facer e quero agradecer o esforzo feito pola interventora e o persoal do seu departamento, que por cada papel que se fai aquí temos que mandarlle dez a Madrid, pensamos que é un orzamento digno e sobre todo social.

A Srª. Concelleira Cobas Cajuso sinala que os apoiamos, non son os orzamentos máis desexables pero dado o momento no que nos atopamos, os apoiamos.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que hai dous ou tres anos eu falaba duns orzamentos de guerra, situación na que un aínda se pode mover, pero xa son uns orzamentos de trincheira, porque se axustan estritamente á normativa estatal e isto ocorre cando o orzamento debía ser a expresión máis nítida e clara do que debe ser a autonomía municipal, aquilo dos orzamentos participativos pasou á historia.

Engade que as novas normativas son moi ríxidas e non deixan marxe aos concellos, e todo isto ten o seu reflexo na normativa de réxime local que pretende botar por terra o estado do benestar. A parte disto vou comentar algúns aspectos:

Nos ingresos é positivo que se incremente o capítulo 1 de impostos directos, tamén o 4 polo tema do grupo de emerxencias supramunicipal; é tamén aceptable o nivel de endebedamento e tamén aceptable manter un mínimo de servizos sociais básicos; hai algún aspecto negativo que reflicta un aspecto estrutural en gastos, que é o feito de que os capítulos 1 e 2 supoñen o 79% do orzamento, que é moito, é un tema que haberá que ir resolvendo e loxicamente son disparatados os gastos de enerxía eléctrica que teñen un incremento do 63% con respecto ao ano pasado, se están tomando medidas pero haberá que tomalas máis drásticas agrupando aos concellos fronte ás eléctricas; engade que en axudas sociais seguen pero cun incremento moi pequeno, no capítulo 4 de transferencias correntes noto unha pequena deficiencia, en axudas de emerxencia non se incrementou, seguen sendo 3.000 euros e o acordo adoptado foi de incrementar o 25%, pero non se fixo e sei que é unha cantidade pequeniña.

Remata sinalando que entendo as circunstancias nas que estamos a vivir, dubidei moito o meu voto, penso que o negativo sería moi drástico, que pretendemos colaborar, pero tampouco pode ser positivo porque non podo dar unha carta en branco, e como se fan en base a unha normativa estatal restritiva e encorsetada imos abstermos.

O Sr. Alcalde dá as grazas polas intervencións anteriores e sinala que con respecto ao capítulo 1 non aumenta nada en materia de persoal porque así o di a lei, nós facemos as obras por administración, nós non contratamos case ningunha obra porque temos unha cuadrilla que nos permite facer as obras, a parte de que temos o grupo de emerxencias supramunicipal, incluso ás veces non podemos contratar persoal para facer obras; engade que a Deputación está a facer o traballo de revisión das facturas polo subministro de enerxía eléctrica ao Concello do último ano, vía convenio asinado coa mesma, e que hai outras actuacións previstas que non figuran no orzamento porque hai contenciosos presentados contra o acordo da Deputación por parte dunha serie de concellos.

Con respecto ás axudas, no capítulo 4 vai axuda para unha vivenda que ardeu, que este é un concepto novo que non existía antes, e que desde servizos sociais do Concello se está cumprindo coas necesidades que ten e non se lles recortou nada e non pediron incremento.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 1, pertencente ao grupo MIXTO (BNG)(1).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 4º TRIMESTRE DE 2013.

Dada conta dos informes sinalados que xa foron remitidos con anterioridade ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O Pleno toma coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e pola Tesourería municipais do 4º trimestre de 2013 en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

8º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2013.

Dada conta do informe de avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao cuarto trimestre de 2013, que xa foi remitido con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, se informa que o Concello cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O Pleno queda enterado.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 7 de febreiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25 de febreiro de 2014, que transcrita di:

Hai tempo que a Deputación da Coruña comezou os traballos para dotar aos concellos da provincia dun sistema de xestión e administración electrónica que permita aos concellos poder cumprir coas esixencias establecidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Considerando que hoxe en día existen multitude de trámites e procedementos que os cidadáns poden realizar electronicamente o que redundará nunha prestación de mellores servizos aos veciños e nunha administración máis eficiente, cun aforro de custes importante para o concello, que coaduxerá ao cumprimento dos principios de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

Considerando que tanto a normativa estatal como a autonómica están continuamente establecendo novos procedementos de tramitación de expedientes, como consecuencia da normativa cambiante, que esixe grandes esforzos de adaptación de procedementos municipais, que se simplificaría a través de procedementos homoxeneizados a nivel provincial para todos os concellos.

Visto o convenio marco de colaboración para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña polos concellos da provincia e o acordo de encomenda de xestión entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) A creación da sede electrónica do concello de Brión, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: "sede.concellodebrion.org" configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

2º) A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da

Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil once, para a utilización compartida da súa sede electrónica e cuxo texto se recolle máis adiante.

3º) Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e cuxo texto se recolle máis adiante.

4º) Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I. CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA O USO COMPARTIDO DA SEDE ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POLOS CONCELLOS DA PROVINCIA E PARA A XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS SEDES ELECTRÓNICAS MUNICIPAIS.

<<Localidade>>, <<día>> de <<mes >> de <<ano>>

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña en virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra, D. José Luis García García, alcalde do Concello de Brión, que actúa en nome e representación do concello, en virtude das competencias atribuídas igualmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes, recoñécense a capacidade legal e competencia necesarias para formalizar o presente convenio,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, creou o concepto de sede electrónica, xustificando pola necesidade de definir claramente a «sede» administrativa electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación, autenticación, contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade. O artigo 10.1 da mesma lei define a sede electrónica como aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias. O apartado 3 do mesmo artigo establece que cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas.

Segundo.- Que por acordo plenario, do 29 de abril de 2011, publicado definitivamente no Boletín Oficial da Provincia nº 162 - xoves, 25 de agosto de 2011, creou a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, cuxo ámbito de aplicación é a totalidade da administración da Deputación provincial, no artigo 14 apartado 4. desta sinalase que estenderá o seu ámbito aos organismos públicos e outras entidades locais que se determinen nos convenios de colaboración que, no seu caso, subscriba a Deputación Provincial da Coruña cos titulares dos organismos públicos e entidades locais.

Terceiro.- Que ambas as dúas partes consideran que interesa no presente caso relacionarse coa cidadanía a través dunha sede electrónica compartida, tanto por razóns de economía como de eficacia, por canto a entidade local ou o organismo público beneficiaríanse da experiencia e infraestrutura da Deputación Provincial da Coruña para este tipo de instrumentos.

Ambas as dúas partes están interesadas en procurar a mellor e máis económica prestación de servizos electrónicos aos cidadáns, dando con iso plena satisfacción aos principios e dereitos contidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, formalízase o presente convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.- Constitúe o obxecto do presente convenio formalizar a utilización compartida por ambas as dúas partes da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co obxectivo de dar vía a través dela á xestión e servizos que competen ao concello de Brión, no ámbito da administración electrónica.

SEGUNDA. Ámbito de aplicación.- O alcance da xestión e servizos da competencia do concello de Brión, a prestar a través da sede electrónica compartida pola Deputación Provincial da Coruña, referirase en exclusiva aos de relación coa cidadanía, conforme a definición dada no anexo da Lei 11/2007, do 22 de xuño, apartado h), sempre que se trate de xestión ou servizos de obrigatoria prestación a través dunha sede electrónica. A inclusión de calquera tipo de xestión ou servizo distinto dos anteriores deberá suxeitarse á regra sobre inclusión de contidos adicionais establecida no presente convenio.

TERCEIRA. Características da integración.- A xestión e servizos do concello prestaranse na sede electrónica do concello “sede.concellodebrion.org” que se integrará na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) constituíndo a sede electrónica municipal unha subsede desta.

CUARTA. Obrigas das partes para aplicar o convenio.

1. Para aplicar o presente convenio, o concello de Brión, comprométese a:

Manter permanentemente actualizados os contidos municipais específicos da sede electrónica do concello con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos dos cidadáns contidos no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Respectar na súa integridade os criterios e políticas aprobados para a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña na súa norma de creación (Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña) que constituirá a normativa de referencia.

Asumir a responsabilidade como titular da xestión e dos servizos da súa competencia postos ao dispor da cidadanía.

Designar un representante permanente único, e un substituto deste, para a relación permanente cos responsables da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, para os efectos do seu mantemento e resolución de problemas, con facultades suficientes para a toma de decisións nesta materia.

2. Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

Manter permanentemente actualizados os contidos comúns das sedes municipais na da sede electrónica provincial con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos da cidadanía contida no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Manter de forma permanentemente dispoñible para os cidadáns o acceso á xestión e servizos correspondentes ao concello de Brión, incluídos na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Asumir a responsabilidade que lle compete por razón da titularidade e a xestión tecnolóxica da sede provincial.

Achegar a infraestrutura técnica e organizativa necesaria para a execución do convenio.

Comunicar urxentemente ao concello, a través do seu representante, cantas incidencias puidesen xurdir e, de forma moi especial, as que puidesen comportar a interrupción dos servizos.

Proporcionar aos responsables designados polo concello a formación e o asesoramento precisos para o mantemento permanente dos seus contidos específicos.

Actualizar tecnoloxicamente os sistemas, de acordo co estado da técnica.

Aplicar criterios estritos de seguridade, conformes ao que establece o Esquema Nacional de Seguridade, con aplicación da normativa sobre protección de datos de carácter persoal contida en Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e na súa normativa de desenvolvemento.

Designar un interlocutor único para os efectos da relación operativa co concello asinante.

QUINTA. Inclusión de contidos fóra do ámbito do convenio.- A utilización da sede electrónica compartida para incluír contidos, xestións ou servizos, que non sexan os estritamente pertencentes ao ámbito deste convenio conforme ao acordado na cláusula segunda, requirirá o previo informe favorable da Deputación Provincial da Coruña, que terá en conta a adecuación dos contidos adicionais, os medios dispoñibles e os criterios adoptados en supostos similares en relación coa mesma sede.

SEXTA. Custo.- O uso das infraestruturas que a Deputación provincial pon ao dispor do concello para a prestación dos servizos recollidos no presente convenio non suporá custo ningún para o concello e, en particular, o uso dos certificados e sinaturas electrónicas que sexan precisos sempre que a súa obtención se realice en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA. Prazo de duración.- O presente convenio terá unha duración de 4 anos, renovándose automaticamente por igual período se non se produce denuncia deste por calquera das partes.

OITAVA. Revisión e comisión de seguimento.- Por pedimento de calquera das partes, poderá crearse unha comisión paritaria para o exame, seguimento, coordinación e, no seu caso, proposta de modificación do convenio.

NOVENA. Resolución de incidencias.- As partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que puidesen xurdir na súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMA. Publicación.- O presente convenio, en aplicación do principio de publicidade oficial establecido no artigo 10.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia mediante resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, sen prexuízo da súa divulgación a través da propia sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

E en proba de conformidade, ambas as partes subscriben o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O Alcalde do Concello de Brión

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

José Luis García García

Diego Calvo Pouso

ANEXO II. ACORDO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADO PÚBLICO, SELO E SEDE ELECTRÓNICA.

<<Localidade>>, <<día>> de <<mes >> de <<ano>>

REUNIDOS

Dunha parte, o lltmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa na súa representación.

E doutra parte, o Sr. D. José Luis García García, alcalde do Concello de Brión, que actúa en nome e representación deste.

As partes recoñécense mutuamente plena competencia e capacidade para subscribir a presente encomenda de xestión e

MANIFESTAN

1.- O 13 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia asinou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante a FEGAMP) un convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais (en diante EE.LL.) da Comunidade Autónoma de Galicia. Este convenio favorece un novo modelo de relación entre as administracións públicas galegas e define un catálogo de servizos que permitirán impulsar a administración electrónica na EE.LL. de Galicia que se adhiran ao convenio.

2.- O 29 de setembro de 2010, a Xunta de Galicia asinou un contrato coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda (en diante FNMT-RCM) cuxo obxecto é a prestación dos servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir a validez e eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos electrónicos no ámbito da Xunta de Galicia e de, entre outros organismos, os concellos e as Deputacións provinciais.

3.- O 14 de decembro de 2010 tras a reunión da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da administración electrónica (en diante o convenio) acórdase incluír no seu catálogo de servizos, aqueles que abarca o contrato coa FNMT-RCM. Os concellos e Deputacións provinciais adheridas ao convenio poderán consumir os servizos incluídos no contrato coa FNMT-RCM.

4.- O 26 de abril de 2011 o presidente da Deputación Provincial da Coruña aprobou a súa adhesión ao convenio, que foi asinada posteriormente con data do de 2 de maio de 2011.

5.- Do mesmo xeito, o Concello de Brión, aprobou a través de resolución da Alcaldía a súa adhesión ao convenio, asinada posteriormente con data 27 de abril de 2011. Ambas as institucións están no ámbito de aplicación do convenio e poderán acceder aos servizos do contrato coa FNMT-RCM.

6.- Na Declaración de Prácticas de Certificación da FNMT-RCM cítase expresamente que os certificados do ámbito da Lei 11/2007 os emiten a FNMT-RCM por conta da Administración pública correspondente á que a FNMT-RCM presta os servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios como prestador de servizos de certificación, polo que os usuarios destinatarios son o persoal da Administración Pública do Reino de España, ben sexa dun órgano, organismo, entidade da administración xeral, autonómica ou local do Estado.

Aínda que a administración titular do certificado e/ou o responsable da Oficina de Rexistro teñen a obriga de non realizar rexistros ou tramitar solicitudes de persoal que preste os seus servizos nunha entidade diferente á que representa como Oficina de Rexistro, a mesma Declaración recolle a posibilidade de crear Oficinas de Rexistro centralizadas ou de convenios entre administracións para efectuar rexistros.

7.- En ocasións existe unha limitación de determinados concellos e outras entidades locais para constituír e manter ao día a infraestrutura de rexistro e solicitude do certificados tipo AP para o persoal ao seu servizo, así como os de sede e selo electrónico, pero a normativa vixente en materia de réxime local atribúelles ás Deputacións provinciais un labor de coordinación moi favorable para a extensión do uso dos certificados deste tipo, polo que é factible que as Deputacións provinciais poidan constituírse como un Rexistro delegado de certificados AP: persoal, selo e sede electrónica para as administracións locais do seu territorio, o que se instrumentaría mediante unha encomenda.

8.- A devandita Lei 11/2007 non impide, nin limita, a actividade de rexistro por parte dos prestadores de servizos de certificación (sobre todo no caso da FNMT-RCM, na súa condición de organismo público), senón que fomenta a interoperabilidade entre as diferentes AA.PP. Así, o artigo 13.3, cita que as AA.PP poderán utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan: d) Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación, conforme ao especificamente acordado entre as partes. A regulación deste sistema detállase no artigo 20:

“Artigo 20. Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación.

1. Os documentos electrónicos transmitidos en contornas cerradas de comunicacións establecidos entre administracións públicas, órganos e entidades de dereito público, serán considerados válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas no presente artigo.

2. Cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma Administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá que, polo menos, comprenderá a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se han intercambiar.

3. Cando os participantes pertencen a distintas administracións, as condicións e garantías citadas no apartado anterior estableceranse mediante convenio.

4. En todo caso deberá garantirse a seguridade da contorna cerrada de comunicacións e a protección dos datos que se transmitan.”

Pola súa banda, no capítulo I, do título IV, desta norma determínase o marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica, baseado no Comité Sectorial de Administración Electrónica, nos Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e de Seguridade e nas redes de comunicacións das administracións públicas españolas.

Neste último caso, o artigo 43 desta mesma lei expresa:

“A Administración xeral do Estado, as Administracións autonómicas e as entidades que integran a Administración local, así como os consorcios ou outras entidades de cooperación constituídos para tales efectos por estas, adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para posibilitar a interconexión das súas redes co fin de crear unha rede de comunicacións que interconecte os sistemas de información das Administracións públicas españolas e permita o intercambio de información e servizos entre elas, así como a interconexión coas redes das institucións da Unión Europea e doutros Estados membros.”

Esta regulación supón o recoñecemento legal da comunicación entre distintas administracións por medio de redes telemáticas, así como a súa validez para todos os efectos, sempre que se garanta a seguridade e integridade da contorna cerrada de comunicación e a protección dos datos remitidos.

9.- Considerando moi favorable, para a extensión do uso dos certificados deste tipo entre as administracións locais da provincia da Coruña, que a Deputación Provincial da Coruña exerza as súas competencias de asistente técnica a estas, permitindo, a xestión da tramitación por conta dos citados concellos de certificados electrónicos dos citados na Lei 11/2007 e recollidos no presente acordo.

As partes intervenientes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar o presente acordo, de conformidade co artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRPC, formalizándoo sobre a base das seguintes

CONDICIÓNS

Primeira. O obxecto do presente acordo é que o Concello de Brión lle atribúa á Deputación Provincial da Coruña, a encomenda da tramitación, por conta e en nome do Concello de Brión, de solicitudes de emisión, suspensión e revogación de certificados electrónicos. As peticións serán dirixidas á FNMT-RCM na súa condición de prestador de servizos de certificación. Os certificados serán os da Lei 11/2007: de persoal ao servizo da administración, de sede electrónica e de actuación administrativa automatizada (selo electrónico), que se expidan a nome do Concello de Brión.

Segunda.- En ningún caso, a Deputación da Coruña se considerará a administración titular do certificado, respectando a súa titularidade a nome do Concello de Brión, e os datos consignados na petición.

Terceira: A petición de certificados, do ámbito da Lei 11/2007 antes citados, por parte do Concello de Brión á Deputación da Coruña, realizarase a través da sede electrónica da Deputación (sede.dicoruna.es), sempre que cumpran os Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e Seguridade, sen que sexa necesaria a comparecencia física do persoal do Concello de Brión ante a oficina de rexistro da Deputación. A constatación da personalidade e demais datos esixidos, presumirase polo feito da petición realizada polo persoal competente do Concello de Brión a través das redes citadas, polo que poderán realizar tamén as peticións en papel mediante o envío á Deputación dos documentos públicos administrativos correspondentes por parte do Concello de Brión.

Na petición do Concello de Brión constatarase a vontade de que sexa emitido, suspendido ou revogado o certificado de que se trate e identificarse nominalmente de forma conxunta á persoa titular do posto de traballo ou cargo que exerce, ao Concello de Brión e ao órgano ou unidade na que preste servizo, tal e como consten na petición que realice o propio Concello de Brión, todo iso nos formatos establecidos pola FNMT-RCM.

Cuarta: A petición de expedición deste tipo de certificados dirixirase por parte do Concello de Brión ao responsable das operacións de rexistro (ROR) da Deputación Provincial da Coruña a través do trámite electrónico disposto para o efecto na sede electrónica da Deputación ou mediante o envío da documentación en papel. Unha vez validada, por parte da Deputación Provincial da Coruña, a petición de certificados realizada polo Concello de Brión, a Deputación, a través da súa ROR, solicitará á FNMT-RCM a emisión dos certificados correspondentes mediante a aplicación de rexistro proporcionada pola FNMT-RCM. Co mesmo procedemento poderá solicitar a suspensión ou revogación dos certificados. A Deputación só poderá solicitar a suspensión ou revogación deste tipo de certificados no caso de que o suposto estea recollido na Lei 59/2003, de sinatura electrónica, normas de desenvolvemento ou na DPC da FNMT-RCM.

Os sistemas, técnicas e aplicacións que se van utilizar no intercambio de información, especificaranse nos procedementos de rexistro proporcionados pola FNMT-RCM á Deputación, que trasladará aos empregados do Concello de Brión para realizar as peticións de certificados.

Para iniciar o procedemento e tramitar de forma segura as peticións de certificados, unha copia auténtica desta encomenda será remitida, pola Deputación á Xunta de Galicia como asinante do contrato coa FNMT-RCM, xunto cos datos identificativos dos responsables de ambas as dúas administracións (os do Concello de Brión, que realizarán as peticións de rexistro á Deputación, e os desta no caso de que aínda non lle conste á FNMT-RCM). A Xunta de Galicia remitirá a copia da encomenda xunto cos datos identificativos dos representantes á FNMT-RCM para que lle conste tal acordo e co fin de dar de alta no Sistema de Rexistro do Departamento CERES desta entidade e xestionar os permisos correspondentes. Non é posible iniciar a alta no sistema de rexistro se non se ten constancia da entrega da citada copia auténtica desta encomenda xunto cos datos antes referidos.

Quinta: A petición de emisión, suspensión ou revogación destes certificados á Deputación realizaraa o persoal delegado competente do Concello de Brión, utilizando para iso o seu certificado persoal clase 2, o de empregado público ou o DNI electrónico.

Sexta: A Deputación da Coruña asesorará en todo momento o persoal do Concello de Brión durante o proceso de petición e solicitude do certificado, así como no seu uso e custodias seguras, proporcionándolle a formación adecuada para iso. Pola súa vez, a FNMT-RCM resolverá as incidencias e consultas correspondentes á Xunta de Galicia e á Deputación polas canles existentes.

Sétima: O Concello de Brión e a Deputación serán os únicos responsables das peticións e solicitudes de emisión, suspensión ou revogación dos certificados electrónicos ás deputacións, respondendo da veracidade dos datos consignados e da vontade do Concello de Brión de que sexa emitido, suspendido ou revogado un certificado AP (Lei 11/2007).

Oitava: Financiamento. O presente acordo non comporta obrigacións económicas para as partes, por afectar a cuestións organizativas das administracións intervinientes.

Novena: O presente acordo terá unha duración de 4 anos renovándose automaticamente por igual período se non se produce a súa denuncia por calquera das partes, sen prexuízo da facultade das partes para subscribir un novo. No entanto, o presente acordo quedará extinguido cando se extinga a adhesión do Concello de Brión ao convenio coa Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade con canto antecede, asínase o presente acordo en exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O Alcalde do Concello de Brión.

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

José Luis García García.

Diego Calvo Pouso

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10 de febreiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25 de febreiro de 2014, que transcrita di:

A Comunicación da Comisión Europea i2010: Unha Sociedade da Información Europea para o crecemento e o emprego, a Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, e outras medidas de impulso comunitario á iniciativa e-Europa, revélanos a importancia que o desenvolvemento da Administración electrónica ten para o futuro económico de Europa. Neste contexto e no marco do disposto no artigo 103 da Constitución, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, constitúe un compromiso de todas as administracións para facer realidade a sociedade da información.

A Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa primeira versión, recolleu xa no seu artigo 45 o impulso ao emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos por parte da Administración, ao obxecto de desenvolver a súa actividade e o exercicio das súas competencias e de permitir aos cidadáns relacionarse coas administracións cando fose compatible cos medios técnicos de que dispoñan. Esa previsión, xunto coa da informatización de rexistros e arquivos do artigo 38 da mesma Lei na súa versión orixinaria e, especialmente, na redacción que lle deu a Lei 24/2001, de 27 de decembro, ao permitir o establecemento de rexistros telemáticos para a recepción ou saída de solicitudes, escritos e comunicacións por medios telemáticos, abría o paso á utilización de tales medios para relacionarse coa Administración.

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, agora á luz da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, vai máis aló e comporta maiores compromisos e obrigacións do noso sector público para asegurar aos cidadáns, en termos de igualdade, o dereito para comunicarse coas administracións por medios electrónicos. A contrapartida dese dereito é a obrigación destas de dotarse dos medios e sistemas electrónicos para que ese dereito poida exercerse.

A ordenanza constitúe o marco a través do cal a Administración municipal concreta, no seu ámbito organizativo e de acordo coas súas competencias, o compromiso para desenvolver a implantación da Administración electrónica, polo que confeccionouse un texto regulamentario.

Polo anteriormente exposto propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da administración electrónica municipal deste Concello, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. De acordo co artigo 103 da Constitución, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (LAE) e a vixente lexislación xeral administrativa, esta ordenanza regula o uso dos medios electrónicos no ámbito da Administración do Concello de Brión.

2. Para este efecto, esta ordenanza ten por obxecto:

a) Establecer os dereitos e deberes que rexen as relacións por medios electrónicos dos cidadáns con esta Administración municipal.

b) Fixar o marco xeral de actuación para a implantación, impulso e desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito municipal.

c) Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coas vixentes normas reguladoras do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2. Ámbito subxectivo

1. Esta ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que integran a Administración municipal:

a) Os órganos administrativos integrantes do Concello.

b) Os organismos autónomos e entidades públicas empresariais constituídas polo Concello.

c) As sociedades e as entidades concesionarias de servizos públicos municipais cando así o determine o título concesional, ou así o aproben os seus órganos de goberno, no marco da prestación de servizos públicos municipais.

2. Esta ordenanza será aplicable aos cidadáns, entendendo como tales ás persoas físicas e xurídicas e ás entidades sen personalidade xurídica ás que a lei confire tal condición para os efectos previstos nesta ordenanza.

Artigo 3. Ámbito obxectivo

Esta ordenanza será de aplicación ás actuacións realizadas pola Administración municipal que se refiran ou afecten a:

1. As súas relacións coa cidadanía que teñan carácter xurídico - administrativo.

2. As súas relacións con outras administracións públicas, sempre que non se desenvolvan en réxime de dereito privado.

3. A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que obren en poder da Administración municipal.

4. A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica.

5. O tratamento da información obtida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades.

6. A xestión da documentación e información obtida e producida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades, así como a súa preservación e acceso.

Artigo 4. Sede electrónica

1. A sede electrónica municipal é a dirección electrónica dispoñible para os cidadáns, correspondente á dirección de referencia “<https://sede.concellodebrion.org>” . Esta é accesible directamente, a través do portal do Concello <http://www.concellodebrion.org>, así como a través da Sede electrónica da Deputación da Coruña <https://sede.dicoruna.es>, que se atopa no portal da Deputación Provincial <http://www.dicoruna.es>

2. A sede electrónica estará dispoñible para todos os cidadáns de forma gratuíta e permanente. En particular, tamén será accesible a través do punto de acceso xeral da Administración Xeral do Estado previsto no artigo 8.2.b) da Lei 11/2007, de 22 de xuño.

3. A data e hora oficial da sede electrónica corresponde á da España peninsular conforme ao que establece o Esquema Nacional de Interoperabilidade (art. 15 do Real decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica).

4. A sede electrónica municipal dispoñerá do seguinte contido mínimo:

a) Identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e responsables da xestión e dos servizos postos a disposición na mesma.

b) Información necesaria para a correcta utilización da sede.

c) Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.

d) Relación de sistemas de sinatura electrónica que, conforme ao previsto nesta ordenanza, sexan admitidos ou utilizados na sede.

e) Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.

5. A sede electrónica municipal dispoñerá dos seguintes servizos a disposición dos cidadáns:

a) Presentación telemática de solicitudes.

b) Enlace para a formulación de suxestións e queixas ante o órgano competente.

c) Acceso, no seu caso, á relación de expedientes do cidadán e aos trámites que se iniciaron de forma telemática.

d) No seu caso, publicación electrónica de actos e comunicacións no taboleiro de anuncios ou edictos, indicando o carácter substitutivo ou complementario da publicación electrónica.

e) Verificación dos selos electrónicos que se utilicen na sede.

f) Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos e que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

CAPÍTULO SEGUNDO. DEREITOS E DEBERES

Artigo 5. Dereitos dos cidadáns

1. Os cidadáns teñen os dereitos recoñecidos pola lexislación aplicable na materia, así como por esta ordenanza, e, en especial, os seguintes:

a) Dereito a relacionarse co Concello a través de medios electrónicos, presentar documentos, facer trámites e procedementos e, en xeral, exercer os dereitos e facultades que lles recoñece o ordenamento xurídico administrativo, con total validez e seguridade, salvo nos casos en que unha lei estableza a utilización dun medio non electrónico.

b) Dereito a esixir do Concello que se dirixa a eles a través destes medios, e a obter documentos a través de formatos electrónicos.

c) Dereito a non presentar documentos que xa se atopen en poder do Concello, ou doutras administracións públicas coas cales o Concello teña un convenio de intercambio de información, para os efectos previstos na normativa básica estatal nesta materia.

d) Dereito de acceso á documentación e información administrativa, rexistros e arquivos, a través de medios electrónicos, e a dispoñer de contidos electrónicos de calidade, accesibles, transparentes e comprensibles.

e) Dereito a acceder e utilizar a Administración electrónica con independencia dos condicionantes de discapacidade.

f) Dereito a acceder e utilizar a Administración electrónica con independencia dos medios tecnolóxicos utilizados.

g) Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais, e ao resto dos dereitos protexidos pola normativa de protección de datos.

h) Dereito á privacidade e seguridade das súas comunicacións co Concello, e das comunicacións que poida efectuar o Concello en que consten os datos do interesado, de acordo coa Lei.

i) Dereito á conservación en formato electrónico, por parte da Administración municipal, dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente, e garantir o seu acceso.

2. O exercicio efectivo, a aplicación e a interpretación sobre o contido destes dereitos realizarase nos termos previstos na normativa aplicable, e de acordo coas previsións da presente ordenanza.

Artigo 6. Deberes dos cidadáns

1. Xunto aos dereitos que a presente ordenanza recoñece e protexe no marco da utilización dos medios electrónicos, na actividade administrativa e nas súas relacións coa Administración municipal, a cidadanía está suxeita na súa actuación ao cumprimento dos seguintes deberes:

a) Deber de utilizar os servizos e procedementos da Administración electrónica de boa fe e evitando o seu abuso.

b) Deber de facilitar ao Concello, nas materias obxecto desta ordenanza, unha información veraz e completa, adecuada ás finalidades para as cales se solicita.

c) Deber de identificación ante o Concello, nos termos establecidos na vixente normativa.

d) Deber de custodia daqueles elementos identificativos persoais e intransferibles, utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos co Concello.

e) Deber de respectar o dereito de privacidade, confidencialidade e seguridade e outros dereitos en materia de protección de datos.

2. O Concello velará polo cumprimento destes deberes no marco do previsto na normativa aplicable e das previsións desta ordenanza.

CAPÍTULO TERCEIRO. PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 7. Principios reitores da Administración electrónica no ámbito do Concello

O Concello, no marco da utilización de medios electrónicos na actividade administrativa, suxéitase aos principios enunciados na normativa reguladora do acceso dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 8. Principios organizativos da Administración electrónica

1. O Concello impulsará o acceso electrónico á información, aos trámites e aos procedementos administrativos, en aras dunha máis eficaz implantación dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo aos cidadáns.

2. Para ese efecto, guiará a súa actividade de acordo cos principios de simplificación administrativa, impulso dos medios electrónicos, neutralidade tecnolóxica, interoperabilidade, confidencialidade, seguridade e protección de datos, transparencia e participación.

Artigo 9. Principios xerais do acceso dos cidadáns ao procedemento administrativo

1. A realización electrónica dos trámites administrativos no marco do Concello, rexeráse polos principios de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos, trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos, proporcionalidade e intermodalidade de medios, de xeito que, nos termos previstos nesta ordenanza ou nas súas normas de desenvolvemento, un procedemento iniciado por un medio poderase continuar por outro diferente, sempre que se asegure a integridade e seguridade xurídica do procedemento.

2. Os trámites e os procedementos accesibles por vía electrónica poderanse realizar, a elección do cidadán, a través das canles e medios electrónicos que estean dispoñibles nese momento.

Artigo 10. Principios informadores de fomento e promoción da cooperación interadministrativa en materia de Administración electrónica

1. O Concello guiará a súa actividade en materia de Administración electrónica de acordo cos principios de colaboración, cooperación e información mutua, e de acceso e dispoñibilidade limitada.

2. O Concello deberá facilitar o acceso das restantes administracións públicas aos datos que dispoña dos cidadáns que se atopen en soporte electrónico, especificando, en todo caso, as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos datos coas máximas garantías de seguridade e integridade, e limitándose estritamente aos que as administracións públicas requiran no exercicio das súas funcións. O acceso aos datos mencionados estará condicionado a que o interesado prestase o seu consentimento ou a que unha norma con rango legal así o autorice.

CAPÍTULO CUARTO. IDENTIFICACIÓN, ACCESO Á INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN DE ESCRITOS POR PARTE DOS CIDADÁNS

Artigo 11. Instrumentos de identificación e acreditación da vontade dos cidadáns

1. As persoas físicas poderán utilizar para relacionarse co Concello os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao Documento Nacional de Identidade, en todo caso, e os sistemas de sinatura electrónica avanzada admitidos pola Lei.

2. As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar sistemas de sinatura electrónica de persoa xurídica, ou de entidades sen personalidade xurídica, para todos aqueles procedementos e actuacións para os que se admitan. En caso de non admisión, a sede electrónica municipal deberá facilitar sistemas alternativos que permitan o exercicio do dereito para relacionarse electronicamente co Concello.

3. O Concello admitirá outros sistemas de sinatura electrónica que estivesen autorizados legalmente, e que sexan adecuados para garantir a identificación dos cidadáns, e, se procede, a autenticidade e a integridade dos documentos electrónicos.

4. O Concello poderá admitir os sistemas de sinatura electrónica utilizados ou admitidos por outras administracións públicas, de conformidade cos principios de recoñecemento mutuo e reciprocidade.

5. O Concello publicará na súa sede electrónica a relación de sistemas de sinatura electrónica admitidos nas súas relacións cos cidadáns.

Artigo 12. Requisitos de identificación no acceso dos cidadáns á información administrativa electrónica

1. Será de libre acceso para os cidadáns, sen necesidade de identificación, a información seguinte:

a) Procedementos do Concello: Información, descarga de impresos e instancias.

b) Verificación de documentos e certificados.

c) Calendario oficial do Concello.

d) Información xeral sobre a sede: normativa, hora oficial, avisos sobre servizos públicos, etc.

e) Información xeral sobre utilidades como, por exemplo, sinatura electrónica.

f) Ligazóns útiles.

g) Novas relacionadas coa Administración Electrónica.

h) Outra información sobre a organización municipal e os servizos de interese xeral.

2. De conformidade cos apartados 2, 3, 5 e 6 do artigo 37 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o acceso aos documentos nominativos, aos documentos que conteñan datos relativos á intimidade das persoas, aos expedientes non finalizados e aos expedientes e arquivos referidos nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da mesma lei, queda reservado ás persoas que acrediten as condicións que a Lei prevexa en cada caso.

3. Para garantir que o dereito de consulta dos documentos sinalados no apartado anterior é exercido polas persoas que se atopan legalmente habilitados para facelo, os servizos municipais esixirán a identificación por medio de calquera procedemento electrónico de identificación de entre os admitidos no artigo 11 desta ordenanza.

Artigo 13. Requisitos de identificación e de acreditación da vontade dos cidadáns na presentación de escritos

1. A utilización de sinatura electrónica, nos termos previstos no artigo 11 desta ordenanza, será un requisito suficiente para identificar e entender acreditada a vontade dos cidadáns que presenten, por vía electrónica, un escrito no procedemento ou trámite de que se trate.

2. O Concello admitirá, de acordo coa Lei, outros tipos de sinatura electrónica que permitan garantir a seguridade e a integridade na identificación e a acreditación da vontade dos cidadáns, atendendo aos criterios seguintes:

a) As características das canles electrónicas que se habilitasen para a realización do trámite.

b) A proporcionalidade entre o requisito imposto e a transcendencia do trámite concreto para o cidadán.

c) A esixencia formal de que a sinatura do escrito presentado polo interesado cumpra a normativa de procedemento administrativo xeral.

d) A dispoñibilidade da tecnoloxía e os recursos do Concello.

3. De conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Concello requirirá as emendas de calquera defecto formal, ocasionado polo incumprimento dos requisitos de identidade, integridade e autenticidade que prevé este artigo.

4. No caso de que os cidadáns non dispoñan dos instrumentos electrónicos de identificación ou acreditación da súa vontade, que prevé esta ordenanza, a identificación ou acreditación da súa vontade poderaa facer de forma válida un funcionario municipal a través do uso do sistema de sinatura electrónica do que estea dotado. A persoa interesada terá que identificarse e consentir previa e expresamente esa posibilidade, do que quedará constancia no expediente para os casos de discrepancia ou litixio.

CAPÍTULO QUINTO. A DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA POR MEDIOS ELECTRÓNICOS

Artigo 14. Información sobre a organización e os servizos de interese xeral

1. O Concello facilitará por medios electrónicos, e como mínimo a través da súa sede electrónica, información sobre:

a) Os procedementos administrativos que tramite, precisando tanto os requisitos esenciais e os prazos de resolución e notificación, como tamén o sentido do silencio.

b) Os datos de localización, como a dirección postal, o teléfono e o correo electrónico.

2. Poderase difundir a través de medios electrónicos calquera outra información relativa a asuntos ou cuestións de interese xeral para os cidadáns, como nos ámbitos de sanidade, saúde, cultura, educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, comercio, deporte e lecer.

3. A información facilitada fará constar o órgano administrativo provedor da información e as datas de actualización.

Artigo 15. Información administrativa

O Concello informará a través de medios electrónicos sobre as actuacións administrativas que por prescrición legal ou resolución xudicial se deban facer públicas, especificando en calquera caso o órgano administrativo autor do acto ou disposición publicados.

Artigo 16. Calidade e seguridade na sede electrónica

1. Os servizos da sede electrónica estarán operativos 24 horas ao día, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas se prevea que a sede electrónica, ou algún dos seus servizos, poidan non estar operativos, se terá que comunicar aos usuarios coa máxima antelación que sexa posible, indicando os medios alternativos que estean dispoñibles.

2. A sede electrónica cumprirá os estándares de accesibilidade de conformidade coa normativa aplicable, e en particular garantirase que sexa accesible desde os principais navegadores e sistemas operativos de código aberto.

3. As entidades incluídas no artigo 2 desta ordenanza comprométense a velar pola calidade da información contida na súa sede electrónica municipal, aínda que non se considerarán responsables en ningún caso da información que se poida obter a través das fontes externas nas entidades mencionadas, nin tampouco das opinións que poidan expresar, a través das páxinas web municipais, persoas que non estean vinculadas.

Artigo 17. Taboleiro de anuncios electrónico

1. A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, se deba realizar no taboleiro de anuncios municipal, será substituída ou complementada pola publicación no taboleiro de anuncios electrónico.

2. O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán.

3. O taboleiro de anuncios electrónico estará integrado na sede electrónica do Concello, e poderase consultar desde as terminais instaladas no mesmo e noutros puntos de acceso que se determinen. Dispoñerá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do contido, de acordo co artigo 45.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O taboleiro de anuncios electrónico estará dispoñible todos os días do ano e durante as vinte e catro horas do día. Cando por razóns técnicas se prevea que o taboleiro pode non estar operativo, deberase anunciar aos usuarios coa máxima antelación posible, indicando os medios alternativos dispoñibles.

CAPÍTULO SEXTO. O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO

Artigo 18. Procedementos tramitados por vía electrónica

1. O Concello garante o exercicio do dereito a relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, e dos demais dereitos recoñecidos no artigo 5 desta ordenanza, con relación aos trámites e aos procedementos que se tramiten por medios electrónicos.

2. No marco da lexislación vixente e dos principios desta ordenanza, o Concello poderá determinar os supostos e as condicións en que será obrigatorio comunicarse co Concello a través de medios electrónicos, cando os interesados sexan persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que, por razóns de capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantidos o acceso a medios tecnolóxicos adecuados e a dispoñibilidade destes medios.

Artigo 19. Identificación e acreditación da vontade dos órganos administrativos

1. A sede electrónica do Concello utilizará, para identificarse e garantir unha comunicación segura, sistemas de sinatura electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou un medio equivalente.

2. Os actos administrativos da Corporación poderanse ditar de forma automatizada, sempre que concorran os requisitos establecidos pola lexislación aplicable e mais esta ordenanza. A estes efectos, as entidades integradas na Administración municipal determinarán para cada suposto a utilización dos sistemas de sinatura electrónica seguintes:

a) Selo electrónico do órgano ou entidade de Dereito público correspondente, baseado nun certificado electrónico que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

b) Código seguro de verificación vinculado ao órgano ou entidade de Dereito público correspondente e, se procede, á persoa asinante do documento.

3. A identificación e o exercicio da competencia das entidades integradas na Administración municipal farase mediante os sistemas de sinatura electrónica dos que estea provisto o persoal ao seu servizo, de acordo coas previsións da normativa aplicable.

4. O intercambio de datos electrónicos transmitidos en contornas pechadas de comunicación, será válido de conformidade coas condicións e garantías que acorde o Concello, as cales terán que garantir a integridade e o non repudio dos datos electrónicos transmitidos.

Artigo 20. Iniciación

Para a iniciación dun procedemento administrativo por medios electrónicos a solicitude do interesado, o Concello poñerá á súa disposición na sede electrónica os correspondentes modelos ou sistemas electrónicos de solicitude. No caso de que non houberse modelo específico de solicitude, existirá un modelo xenérico que reunirá os requisitos esixidos na lexislación aplicable.

Artigo 21. Esixencia e acreditación de representación

1. Os cidadáns poderán actuar por medio de representantes nos procedementos e trámites administrativos que fagan ante o Concello por medios electrónicos, de acordo co que prevén a lexislación xeral e esta ordenanza. Nestes supostos, a validez das actuacións realizadas estará suxeita á acreditación da representación.

2. O procedemento de acreditación da representación, cando se fagan actuacións por medios electrónicos, poderase levar a cabo a través de calquera dos procedementos alternativos seguintes:

a) Mediante a presentación de apoderamento en soporte electrónico.

b) Mediante os certificados de sinatura electrónica que inclúan a relación de representación e que sexan aceptados polo Concello, de conformidade co que se establece nesta ordenanza.

c) Mediante a declaración de apoderamento por parte do representante e a posterior comprobación da representación nos rexistros do Concello, ou doutras administracións ou entidades coas que o Concello asinase un convenio de colaboración.

d) Calquera outro sistema de acreditación da representación que habilite o Concello no marco das leis e desta ordenanza.

3. Cando o procedemento o permita, o Concello poderá, en calquera momento, pedir ao representante a xustificación do poder.

Artigo 22. Tramitación por vía electrónica dos procedementos

1. Os programas, as aplicacións e os sistemas de información que en cada caso se empreguen para a realización por medios electrónicos dos trámites administrativos, terán que garantir o

control dos prazos, a constancia da data e a hora e a identificación das persoas responsables das actuacións, e a orde de tramitación dos expedientes.

2. A persoa interesada, previa comprobación electrónica da súa identidade por calquera dos medios regulados nesta ordenanza, poderá solicitar e obter información sobre o estado da tramitación dos procedementos administrativos que estean a ser xestionados electronicamente na súa totalidade, de acordo coas condicións do servizo de acceso restrinxido establecido para ese efecto. A información sobre o estado da tramitación do procedemento comprenderá a relación dos actos de trámite realizados, con indicación do seu contido, así como a data en que se ditaron.

3. O Concello poderá remitir á persoa interesada avisos sobre o estado da tramitación, nas direccións telemáticas de contacto que esta indicase.

Artigo 23. Presentación de documentos e declaración responsable

1. Non será necesario achegar documentos que estean en poder do Concello ou doutras administracións públicas coas cales o Concello asinase un convenio de colaboración. O exercicio deste dereito farase de acordo coa normativa aplicable a cada procedemento e, en especial, coa protección de datos de carácter persoal.

2. O Concello promoverá a substitución da achega de documentos acreditativos do cumprimento de requisitos por unha declaración responsable da persoa interesada que exprese a concorrencia dos requisitos esixidos e o compromiso de achegar os correspondentes xustificantes por requirimento da Administración.

3. A comprobación da información contida nestas declaracións poderase efectuar nos rexistros do Concello ou nos doutras administracións coas que o Concello teña asinado un convenio de colaboración.

Artigo 24. Certificados administrativos electrónicos e transmisión de datos

1. De acordo cos principios de simplicidade administrativa e interoperabilidade entre administracións, o Concello promoverá a eliminación de certificados e, en xeral, de documentos en papel, que se substituirán, sempre que se poida, por certificados e documentos electrónicos ou por transmisións de datos. Tanto no caso de certificados electrónicos e documentos electrónicos como no de transmisións de datos, a súa expedición, tratamento e efectos rexeranse polo que dispón esta ordenanza, coa suxeición estrita á normativa de protección de datos de carácter persoal, así como ao resto da normativa aplicable ao procedemento administrativo.

2. O Concello comprométese a facilitar o acceso a outras administracións públicas aos datos relativos aos interesados que estean no seu poder e se atopen en soporte electrónico. En todo caso, estableceranse as máximas garantías de seguridade, integridade e dispoñibilidade, de conformidade co que dispón a normativa aplicable á protección de datos de carácter persoal.

3. No marco dos principios regulados nesta ordenanza, o Concello promoverá o establecemento de convenios coas entidades públicas ou privadas, tanto emisoras como receptoras de certificados ou documentos administrativos, para simplificar a obtención, a transmisión e, se procede, a convalidación de documentos ou certificados electrónicos para transmisións de datos.

4. O Concello poderá establecer os mecanismos necesarios para a elaboración de certificados administrativos electrónicos que terán os mesmos efectos que os expedidos en soporte papel. O contido daqueles poderase imprimir en soporte papel, e a sinatura manuscrita substituirase

por un código de verificación xerado electronicamente, que permita comprobar a autenticidade accedendo telematicamente aos arquivos do órgano ou organismo emisor.

5. O Concello, a petición dos cidadáns, emitirá certificados electrónicos sobre os datos que figuran no seu poder.

6. Os cidadáns, en substitución dos certificados en papel, poderán presentar ante o Concello certificados en soporte electrónico doutras administracións, obtidos telematicamente ou ben mediante a compulsa electrónica do certificado en papel.

Artigo 25. Compulsas electrónicas e traslado de documentos en soporte papel

1. A compulsa electrónica de documentos electrónicos e en soporte papel farase a través dun procedemento de dixitalización seguro, que inclúa, nos termos do artigo 19 desta ordenanza, a sinatura electrónica do persoal ao servizo do Concello que realizase a compulsa, e que garanta a autenticidade e a integridade da copia. Os documentos compulsados electronicamente terán a consideración de copias auténticas, para os efectos que prevé o artigo 46 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A incorporación, no seu caso, de documentos en soporte papel nos trámites e procedementos administrativos que se tramiten por vía electrónica, farase mediante a compulsa electrónica destes documentos.

3. Cando un procedemento iniciado electronicamente non se tramite totalmente en soporte electrónico, o órgano competente poderá reproducir en soporte papel as solicitudes, comunicacións ou outros documentos electrónicos, mediante compulsa ou outros sistemas de verificación, que permitan contrastar a súa autenticidade mediante o acceso aos arquivos electrónicos da Administración emisora.

Artigo 26. Expediente electrónico

1. O expediente electrónico é o conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, sexa cal for o tipo de información que conteñan e o formato en que fosen creados. Terán esta consideración as agrupacións de documentos que formen unidades básicas do sistema de xestión documental.

2. Os expedientes electrónicos deberán conter os metadatos imprescindibles para coñecer o contexto, o contido e a estrutura que os forman, así como a súa xestión ao longo do tempo.

3. A remisión de expedientes se poderá substituír, para todos os efectos, pola posta a disposición do expediente electrónico, e a persoa interesada ten dereito a obter unha copia, nas condicións fixadas nesta ordenanza.

Artigo 27. Terminación

1. Os procedementos que se tramiten e se rematen en soporte electrónico, garantirán a identificación e o exercicio da competencia por parte do órgano que, en cada caso, estea recoñecido como competente.

2. O acto ou resolución que poña fin a un procedemento cumprirá co esixido no artigo 89 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irá avalado por algún dos sistemas de sinatura electrónica previstos nesta ordenanza.

3. O traslado de documentos electrónicos, incluíndo os que teñen que figurar nos libros de resolucións e nos libros de actas, mentres non teñan o formato en soporte electrónico, farase de acordo co previsto nesta ordenanza.

Artigo 28. A notificación por medios electrónicos

1. A notificación practicarase utilizando medios electrónicos cando a persoa interesada teña sinalado estes medios como preferentes, ou exprese consentimento para a súa utilización, nos procedementos administrativos para os que se habilite este sistema de notificación. O Concello fará pública esta circunstancia na súa sede electrónica.

2. A práctica da notificación por medios electrónicos poderá efectuarse nas modalidades previstas regulamentariamente, ou noutros medios de notificación electrónica que poidan establecerse, sempre que quede constancia da recepción polo interesado, no prazo e nas condicións que se establezan na súa regulación específica.

3. A aceptación por parte dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen co Concello, ou para un ou diversos trámites, segundo o que se manifestou.

4. Para a eficacia do que se dispón neste artigo, toda persoa interesada que manifieste expresamente a súa vontade de ser notificada por medios electrónicos, terá que dispoñer dunha dirección electrónica que cumpra os requisitos legalmente previstos.

5. A dirección de correo electrónico terá vixencia indefinida como dirección válida, a efectos de notificación, excepto nos supostos en que a persoa titular solicite a revogación ou a modificación, por defunción da persoa física ou extinción da personalidade xurídica, cando unha resolución administrativa ou xudicial o ordene, ou polo transcurso de tres anos sen que se utilice para a práctica das notificacións. Neste caso, comunicarse á persoa interesada para que poida expresar o seu interese en mantela activa; de non facelo, inhabilitarase como medio electrónico de notificación.

6. A notificación entenderase practicada, para todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso ao seu contido a través da dirección de correo electrónico. O sistema de notificación terá que acreditar a data e a hora en que se produza a recepción da notificación, na dirección electrónica da persoa interesada, e o acceso ao contido do acto notificado por parte do cidadán ou cidadá, así como calquera causa técnica que imposibilite algunha das circunstancias anteriores.

7. Cando haxa constancia da posta a disposición da notificación na dirección electrónica, e transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, a efectos do que prevé o artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, agás que, de oficio ou a instancia da persoa interesada, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso á súa dirección electrónica.

8. Durante a tramitación dos procedementos, a persoa interesada poderá requirir ao órgano ou entidade correspondente que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios electrónicos. Neste caso, será necesario utilizar calquera outro medio admitido polo artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. O acceso electrónico por parte das persoas interesadas ao contido das actuacións administrativas correspondentes, terá os efectos propios da notificación por comparecencia, sempre que quede constancia deste acceso. A notificación por comparecencia requirirá, en todo caso, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso sobre o carácter de notificación da actuación administrativa que terá devandito acceso.
- b) O sistema de información correspondente deixará constancia do devandito acceso, con indicación de data e hora.

CAPÍTULO SÉTIMO. REXISTRO, ARQUIVO E ACCESO AOS DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS

Artigo 29. Rexistro telemático

1. Créase o Rexistro telemático do Concello de Brión.
2. O Rexistro telemático poderá ser regulado por unha ordenanza municipal específica.
3. O Rexistro telemático integrarase para todos os efectos no Rexistro xeral do Concello, e terá carácter voluntario para os administrados, excepto nos supostos de utilización obrigatoria establecidos por Lei. O acceso ao Rexistro telemático poderase facer durante as 24 horas do día, todos os días do ano. A data de entrada e/ou de saída, acreditarase mediante un servizo de consignación electrónica de data e hora. Para os efectos de cómputo de prazos, a recepción de documentos en día inhábil entenderase efectuada o primeiro día hábil seguinte. O Rexistro telemático rexerese pola data e a hora oficiais.
4. A presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións ao Rexistro telemático, terá os mesmos efectos que a presentación efectuada polo resto de medios admitidos polo artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
5. O Rexistro telemático non admitirá a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións que non cumpran as instrucións e os mecanismos de identificación e de acreditación da vontade dos cidadáns que fixe o Concello, de conformidade coas previsións desta ordenanza e outras normas específicas.
6. O Rexistro telemático emitirá automaticamente un recibo asinado electronicamente co contido previsto na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
7. Cando, por razóns técnicas, se poida prever que o Rexistro telemático non poderá estar operativo, se anunciará aos usuarios coa máxima antelación posible, e mentres permaneza nesta situación.

Artigo 30. A xestión documental e a conservación dos documentos administrativos

1. O Concello promoverá unha xestión documental integrada na xestión administrativa xeral, fundamentada na análise da produción, tramitación e valor da documentación, e dirixida á planificación, ao control, ao uso, á transferencia e á conservación ou eliminación da documentación. Para ese efecto garantirá a xestión da documentación electrónica orixinal, recibida, producida e tratada no desenvolvemento dos seus procesos administrativos, así como a súa conservación ao longo do seu ciclo de vida, e protexerá o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de acordo coa normativa de protección de datos.
2. Os documentos públicos electrónicos terán garantida a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade, nas mesmas condicións que os documentos noutros soportes.
3. O Concello poderá aprobar un protocolo de xestión documental e arquivos, regulador das condicións técnicas e organizativas de clasificación funcional, seguridade e disposición dos

documentos administrativos, desde o inicio do procedemento, así como os órganos competentes para a conservación e transformación.

4. A documentación electrónica do Concello xestionarase mediante unha aplicación informática corporativa, que permita o control do ciclo de vida dos documentos e expedientes, o control da súa consulta, a xestión dos repositorios dixitais, o intercambio de arquivos e documentos de forma segura entre órganos ou entes, ademais de permitir a súa adaptación aos cambios organizativos.

Artigo 31. Arquivo electrónico de documentos

1. O Concello poderá arquivar por medios electrónicos todos os documentos producidos ou recibidos no exercicio das súas competencias e actuacións administrativas, nun arquivo electrónico incorporado ao sistema de xestión de documentos do Concello, que debe garantir a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade dos documentos electrónicos, conservados de acordo cos estándares aprobados para o efecto, e de acordo co disposto no artigo 45.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e conforme á lexislación de arquivo que resulte de aplicación.

2. No suposto de documentos emitidos orixinalmente en papel, dos cales se efectuaron copias electrónicas de acordo co que dispón a normativa aplicable, poderase proceder á destrución dos orixinais, nos termos e coas condicións que, de acordo coa Lei, estableza o Concello.

3. O Concello poderá establecer convenios ou acordos con outras entidades para o arquivo definitivo dos seus documentos electrónicos, sempre que se garanta a integridade, a autenticidade, a confidencialidade, a calidade, a protección e a conservación dos documentos arquivados.

Artigo 32. Preservación e acceso aos rexistros e aos arquivos administrativos electrónicos

A preservación e o acceso aos documentos almacenados en medios electrónicos, rexerese polas previsións desta ordenanza, relativas ao acceso á información, e polos principios e normas aplicables á protección da confidencialidade e a privacidade de datos.

ANEXO DE TERMOS RECOLLIDOS NESTA ORDENANZA

A efectos da presente ordenanza, enténdese por:

a) Actuación administrativa automatizada: actuación administrativa producida por un sistema de información adecuadamente programado sen necesidade de intervención dunha persoa física en cada caso singular. Inclúe a produción de actos de trámite ou resolutorios de procedementos, así como de meros actos de comunicación.

b) Aplicación: programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema mediante o uso de informática.

c) Aplicación de fontes abertas: aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executala, de coñecer o código fonte, de modificala ou melloralala e de redistribuír copias a outros usuarios.

d) Autenticación: acreditación por medios electrónicos da identidade dunha persoa ou ente, do contido da vontade expresada nas súas operacións, transaccións e documentos, e da integridade e autoría destes últimos.

e) Canles: estruturas ou medios de difusión dos contidos e servizos, incluíndo a canle presencial, o telefónico e o electrónico, así como outros que existan na actualidade ou poidan existir no futuro (dispositivos móbiles, TDT, etcétera).

f) Certificado electrónico: segundo o artigo 6 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica: Documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de sinatura a un asinante e confirma a súa identidade.

g) Certificado electrónico recoñecido: segundo o artigo 11 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica: Son certificados recoñecidos os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta Lei en canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e á fiabilidade e as garantías dos servizos de certificación que presten.

h) Cidadán: calquera persoa física, persoa xurídica ou ente sen personalidade que se relacione, ou sexa susceptible de relacionarse, coas Administracións Públicas.

i) Dirección electrónica: identificador dun equipo ou sistema electrónico desde o que se prové de información ou servizos nunha rede de comunicacións.

j) Documento electrónico: información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

k) Estándar aberto: aquel que reúna as seguintes condicións:

1. Sexa público e a súa utilización sexa dispoñible de maneira gratuíta ou a un custo que non supoña unha dificultade de acceso.
2. O seu uso e aplicación non estea condicionado ao pago dun dereito de propiedade intelectual ou industrial.

l) Sinatura electrónica: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica: Conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante.

m) Sinatura electrónica avanzada: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica: sinatura electrónica que permite identificar ao asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control.

n) Sinatura electrónica recoñecida: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica: sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura.

o) Interoperabilidade: capacidade dos sistemas de información, e polo tanto dos procedementos aos que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.

p) Medio electrónico: mecanismo, instalación, equipo ou sistema que permite producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións, incluíndo calquera redes de comunicación abertas ou restrinxidas, como Internet, telefonía fixa e móbil ou outras.

q) Punto de acceso electrónico: conxunto de páxinas web agrupadas nun dominio de Internet cuxo obxectivo é ofrecer ao usuario, de forma fácil e integrada, o acceso a unha serie de

recursos e de servizos dirixidos a resolver necesidades específicas dun grupo de persoas ou o acceso á información e servizos dunha institución pública.

r) Sistema de sinatura electrónica: conxunto de elementos intervinientes na creación dunha sinatura electrónica. No caso da sinatura electrónica baseada en certificado electrónico, compoñen o sistema, polo menos, o certificado electrónico, o soporte, o lector, a aplicación de sinatura utilizada e o sistema de interpretación e verificación utilizado polo receptor do documento asinado.

s) Selado de tempo: acreditación a cargo dun terceiro de confianza da data e hora de realización de calquera operación ou transacción por medios electrónicos.

t) Espazos comúns ou portelos únicos: modos ou canles (oficinas integradas, atención telefónica, páxinas en Internet e outros) aos que a cidadanía pode dirixirse para acceder ás informacións, trámites e servizos públicos determinados por acordo entre varias Administracións.

u) Actividade de servizo: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.

v) Prestador de actividade de servizo: calquera persoa física ou xurídica que ofrezca ou preste unha actividade de servizo.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. Sede electrónica

A sede electrónica do Concello entrará en funcionamento desde o momento da entrada en vigor desta ordenanza.

Segunda. Procedementos en curso

Esta ordenanza non se aplicará aos procedementos iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor.

Terceira. Rexistro telemático

O Rexistro telemático do Concello entrará en funcionamento desde o momento da entrada en vigor desta ordenanza.

Cuarta. Notificación electrónica

O Concello poñerá en marcha a notificación electrónica, para os procedementos e trámites que o requiran, cando se poñan en marcha os sistemas e as tecnoloxías correspondentes.

Quinta. Arquivo electrónico

O arquivo electrónico do Concello entrará en funcionamento cando o Concello poña en marcha os sistemas e as tecnoloxías correspondentes, así como a implantación de xestión documental integral.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. Regulación de novos procedementos e trámites

A partir da entrada en vigor desta ordenanza, calquera regulación que se efectúe de novos procedementos e trámites administrativos, ou modificación dos existentes, axustarase ás condicións e aos requisitos previstos nesta ordenanza.

Segunda. Adaptación á normativa municipal

O Concello comprométese a adaptar a normativa municipal ás previsións desta ordenanza.

Terceira. Entrada en vigor

Esta ordenanza entrará en vigor logo que se publique o seu texto definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia e que transcorra o prazo de quince días ao que se refiren os artigos 70.2. e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

11º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DERROGACIÓN DO REGULAMENTO DOS PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NAS ACTIVIDADES E SERVIZOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E LICENZA DE APERTURA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 20 de xaneiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25 de febreiro de 2014, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 21 de decembro de 2012 aprobou o regulamento dos procedementos de intervención administrativa nas actividades e servizos suxeitos a comunicación previa, declaración responsable e licenza de apertura, cuxo texto definitivo foi publicado no BOP do 15.02.2013.

Este regulamento respondía á necesidade de dotar ao Concello dunha normativa que regulase o procedemento como consecuencia da normativa establecida pola Directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo con data 12 de decembro de 2006 e a súa transposición ao

ordenamento español na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; asemade, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a normativa autonómica, a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva, e o RD-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que establecían a comunicación previa ou declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas, o que implicaba unha importante modificación do réxime de control das actividades polos concellos.

A normativa estatal establecida no RD-Lei 19/2012, de 25 de maio, foi derogada pola Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que foi posteriormente modificada pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización e pola Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade do mercado, establecéndose novas actividades suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa e novos límites de superficie pasando dos 300 m² iniciais a 750 m².

Recentemente a Comunidade Autónoma galega estableceu un réxime xurídico único e estable nas actividades a través da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando de xeito pleno e efectivo a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade (licenzas de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento), xeneralizando a comunicación previa como medio de control administrativo, agás nos casos en que por razóns de interese xeral sexa necesario a obtención de licenza municipal, conforme ao establecido nesa lei.

Xa que logo, en virtude do principio de seguridade xurídica, resulta preciso derogar expresamente a actual ordenanza municipal por estar derogada tacitamente pola lexislación estatal e autonómica aprobada con posterioridade a súa entrada en vigor, aplicándose no Concello a normativa establecida nesta Lei 9/2013, do 19 de decembro, que regula o novo procedemento.

Polo anterior propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a derogación do regulamento dos procedementos de intervención administrativa nas actividades e servizos suxeitos a comunicación previa, declaración responsable e licenza de apertura, cuxo texto definitivo foi publicado no BOP do 15.02.2013.

2º) Expoñer o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP para a presentación de reclamacións e suxestións, consonte co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. No caso de que non se presenten reclamacións nin suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional debendo facer público un anuncio no BOP para xeral coñecemento.

3º) Facultar expresamente ao alcalde para todos os trámites sucesivos e necesarios para a xestión e execución deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

12º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE NOVA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E OS SEUS PREZOS PÚBLICOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 30 de xaneiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 25 de febreiro de 2014, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión do 19.06.2013 aprobou inicialmente a ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello e os seus prezos públicos, que logo da súa tramitación publicouse integramente no BOP do 12 de agosto de 2013.

Como consecuencia da nova normativa da Xunta de Galicia establecida mediante o Decreto 149/2013, do 5 de setembro (DOG 24.09.2013), polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, resulta necesario modificar novamente a ordenanza vixente en aplicación do disposto na Disposición derradeira cuarta, na que se sinala que as corporacións locais disporán dun prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste decreto, para a adaptación das súas ordenanzas ao disposto nesa norma.

Vistos os informes do departamento municipal de servizos sociais e de secretaría e intervención, e considerando máis conveniente dadas as modificacións que se introducen pola nova normativa aprobar unha nova ordenanza que derroque á anterior, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión e os seus prezos públicos, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BRIÓN E OS SEUS PREZOS PÚBLICOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fixo necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar.

A entrada en vigor do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Brión de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Brión.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Brión.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores

con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

I. Asistencia para levantarse e deitarse.

II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:

I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

III. Preparación dos alimentos.

IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.

V. Apoio á unidade familiar.

VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

d. Adaptacións funcionais do fogar.

e. Servizo de podoloxía.

f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- a. A renuncia da persoa usuaria.
- b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d. Falecemento da persoa usuaria.
- e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f. A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrência e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da

suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Brión ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
4. O Concello de Brión, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
 - b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo III desta ordenanza.

- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Brión e a persoa usuaria, segundo o Anexo IV desta ordenanza.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Brión, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:
 - a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
 - III. Certificado de convivencia.
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
 - V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- a. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.

- b. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

- c. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

- d. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).

- e. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.
2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza.
5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo III desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.
6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.
3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referencia da ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %

125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Inferior ao 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,25 IPREM	15%
Maior de 1'25 e menor ou igual a 1,50 IPREM	20%
Maior de 1'50 e menor ou igual a 1,75 IPREM	40%
Maior de 1'75 e menor ou igual a 2 IPREM	50%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,25 IPREM	65%
Maior de 2'25 e menor ou igual a 2'50 IPREM	70%
Maior de 2'50 IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Brión en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 23º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente á ordenanza reguladora da taxa do servizo de axuda no fogar e os seus prezos públicos publicada no BOP nº 152, do 12 de agosto de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO I
SOLICITUDE

DATA:

REXISTRO DE ENTRADA Nº:

<input type="checkbox"/>	PERSOAS DEPENDENTES
<input type="checkbox"/>	LIBRE CONCORRENCIA

NOME E APELIDOS:	DNI:
DOMICILIO:	ESTADO CIVIL:
TELÉFONOS:	DATA NACEMENTO:
CORREO ELECTRÓNICO:	
REPRESENTANTE:	DNI:
DOMICILIO:	PARENTESCO:
CORREO ELECTRÓNICO:	TELÉFONOS:

SOLICITA: O recoñecemento do dereito á incorporación ao servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Brión, unha vez aportada a documentación requirida e que se relaciona ao dorso.

AUTORIZA AO CONCELLO DE BRIÓN:

- A solicitar a información de carácter tributario necesaria de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 95 da Lei 58/2003 xeral tributaria.
- A acceder á información referida no padrón municipal de habitantes.
- A ceder os seus datos á empresa xestora do servizo municipal de axuda no fogar.

Brión, ____ de ____ de 201 ____

- Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Brión

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de convivencia.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- VI. Datos bancarios para domiciliación de pagos.
- VII. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

OUTRA DOCUMENTACIÓN:

1- _____

2- _____

3- _____

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO II

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA

(modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria)

FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor "autonomía persoal" realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
		75%-100%		81%-87%		88%-93%		94%-100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
De	De	75%-100% discapacidade e ata 14 pts ATP	25-39 pts BVD	75%-100% discapacidade e 15-29 pts ATP	50-64 pts BVD	75%-100% discapacidade e 30-44 pts ATP	75-89 pts BVD	75%-100% discapacidade e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999
33%	65%			40-49 pts BVD		65-74 pts BVD		90-100 pts BVD	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007)
a	a								Situación de dependencia. Decreto 176/2007
64%	74%	75% discapacidade e ata 24 pts BVD	Grao I, Nivel 1	Grao I, Nivel 2	Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 2	
de	de								PUNTUACIÓN Nivel de Autonomía persoal
discapacidade	discapacidade								
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	

Total puntos autonomía persoal _____

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

Puntos

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) _____

A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras _____

redes (18 puntos) _____	<input type="text"/>	
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	<input type="text"/>	
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Con incapacidade para organizarse (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) _____	<input type="text"/>	
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos) _____	<input type="text"/>	
Está ben atendido (0 puntos) _____	<input type="text"/>	
Total puntos apoio social _____		<input type="text"/> Puntos

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)	Puntos
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) _____	<input type="text"/>
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) _____	<input type="text"/>
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)	Puntos
Un menor (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Dous menores (5 puntos) _____	<input type="text"/>
Tres menores (7 puntos) _____	<input type="text"/>
Catro ou máis menores (10 puntos) _____	<input type="text"/>
Total puntos situación familiar/socialización menores _____	<input type="text"/> Puntos

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)	Puntos
Non hai luz eléctrica (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non hai auga corrente (1 punto) _____	<input type="text"/>

Non posúe WC (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non ten neveira (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non ten quentador (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non ten lavadora (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) _____	<input type="text"/>
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) _____	<input type="text"/>
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) _____	<input type="text"/>
4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)	Puntos
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) _____	<input type="text"/>
Ausencia de relacións sociais (6 puntos) _____	<input type="text"/>
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) _____	<input type="text"/>
Integración axeitada no contorno (0 puntos) _____	<input type="text"/>
Total puntos outros aspectos sociais _____	<input type="text"/> Puntos
TOTAL XERAL _____	<input type="text"/> Puntos

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO III

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1.-Datos de Identificación do Expediente

Expediente 1	Intervención nº 2	Data de solicitude	Data de Inicio

Sector de Referencia 3	Ámbito de Atención 3	Nº Total de Usuarios

Nome e Apelidos	Data de Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil

Proxecto	Data do Proxecto	Data Fin de Proxecto
1		

Antecedentes relevantes:

2.-Atención a prestar

Días da semana

L	M	X	J	V	S	D		Nº de horas semanais	Horario

Tipo de servizo a prestar 4

Perfil dos/as profesionais

¹ Identificación do expediente en SIUSS

² Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

³ Tipoloxía SIUSS

⁴ Pódese empregar a tipoloxía SIUSS

Outros servizos:

3.-Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

4.-Obxectivos Específicos e Tarefas que se propoñen

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas a realizar:

5.-Periodicidade do Seguimento (mínimo bimensual)

Técnico responsable:

Asdo.:

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: ANEXO IV

ACORDO DE SERVIZO

Reunidos en Brión o día _____ dunha parte don/dona _____ con DNI: _____ e doutra _____, en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión.

ACORDAN:

1. Que o Concello de Brión /a entidade prestadora _____, prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día _____ do _____ de 20____.

2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará para usuarios de dependencia con carácter indefinido, e para o caso de acceso ao través do procedemento de libre concorrencia por un prazo de _____, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais/da Entidade prestadora acreditada.

3. Que o SAF se levará a cabo por un total de horas/mes, distribuídas semanalmente nos seguintes días.....

4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, á ordenanza municipal reguladora do servizo, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros/mes, polo que na modalidade de dependencia lle corresponde unha porcentaxe de copago do% sobre a súa capacidade económica, e no caso de libre concorrencia, unha porcentaxe de copago do% respecto ao custe do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a aportar _____ euros/mes polo total de horas prestadas.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o pago do prezo público do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

~ Atencións de carácter persoal.

~ Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria.

~ Atencións de carácter apoio psicosocial e educativo.

~ Atencións de carácter doméstico e da vivenda.

7. Que as modificacións que puidesen existir nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

8. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

9. Que o/a beneficiario/a queda debidamente informado/a da existencia e funcionamento do correspondente libro de queixas e reclamacións.

10. Co presente acordo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En Brión a ____ de _____ de 20__

A persoa usuaria

O técnico responsable

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo

publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

13º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2013.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de febreiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 25 de febreiro de 2014, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por Secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2012 e o 31 de decembro de 2013, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES

1100077.- Parcela en Pedrouzos: Sita no lugar de Pedrouzos – Concello de Brión. Referencia catastral 66639A3NH2466N0000DM. Figura inscrita no Catastro como titular catastral a nome do Concello cunha superficie de 1.405 m2.

Linda ao Norte con Berta Encarnación Gerpe Allerbe; Sur, Rúa Gondar (en 41,50 metros lineais); Leste, sendeiro; e Oeste resto da parcela matriz de Manuela Salgueiros Suárez.

Libre de cargas e gravames.

Título: Foi adquirida a D^a. Manuela Salgueiros Suárez, DNI:33187525-C, para zona verde pública segundo expediente de permuta forzosa tramitado polo Concello en virtude de acordo plenario do 26 de abril de 2007 e que foi aprobado por resolución da alcaldía do 25 de outubro de 2013. Non obstante o Concello carece de título inscribible.

Valor da parcela segundo informe do arquitecto municipal: 196.320 euros.

Destinada a zona verde de uso e dominio público municipal.

VALOR..... 196.320,00 €

1100078.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do 05/02/2013 e segundo copia de segregación de finca e cesión de viais número 1.967, de data 21/12/2012, outorgada ante o notario Carlos de la Torre Deza, o Concello de Brión aceptou dúas porcións de terreo, para ser destinados a viais e espazos libres, no lugar de Aguiar, Brión, cedidas por José Manuel Beiras Castro e María del Carmen Duarte García:

1. Porción de terreo 3A de 40,99 m² de superficie. Linda: Norte: camiño; Sur: vivenda unifamiliar C edificada sobre o resto de finca matriz denominada Parcela 3C e Modesto Liñares Villar; Leste: Modesto Liñares Villar e Oeste: parcela segregada por Carlos Mourelle Viqueira denominada Parcela 2A.

2. Porción de terreo 3B de 60,27 m² de superficie. Linda: Norte: con vivenda unifamiliar C edificada sobre o resto de finca matriz denominada Parcela 3C; Sur: estrada Barreiros á Picaraña; Leste: Modesto Liñares Villar e Oeste: parcela segregada por Carlos Mourelle Viqueira denominada parcela 2B.

VALOR.....911,34 €

1100079.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do 05/02/2013 e segundo copia de segregación de finca e cesión de viais número 1.968, de data 21/12/2012, outorgada ante o notario Carlos de la Torre Deza, o Concello de Brión aceptou catro porcións de terreo, para ser destinados a viais e espazos libres, no lugar de Aguiar, Brión, cedidas por Carlos Mourelle Viqueira e María del Pilar Vázquez Hombre:

1. Porción de terreo 1A de 17,37 m² de superficie. Linda: Norte; camiño; Sur, vivenda unifamiliar A edificada sobre o resto de finca matriz denominada Parcela 1C; Leste, parcela segregada denominada Parcela 2A e Oeste, Ermitas Pais Pereiro.

2. Porción de terreo 1B de 66,46 m² de superficie. Linda: Norte, con vivenda unifamiliar A edificada sobre o resto de finca matriz denominada Parcela 1C; Sur, estrada Barreiros á Picaraña; Leste, parcela segregada denominada parcela 2B e Oeste, Ermitas Pais Pereiro.

3. Porción de terreo 2A de 26,40 m² de superficie. Linda: Norte, camiño; Sur, vivenda unifamiliar B edificada sobre o resto de finca matriz denominada Parcela 2C; Leste, parcela segregada por José Manuel Beiras Castro denominada Parcela 3A e Oeste, parcela segregada denominada Parcela 1A.

4. Porción de terreo 2B de 51,66 m² de superficie. Linda: Norte, con vivenda unifamiliar B edificada sobre o resto de finca matriz denominada Parcela 2C; Sur, estrada Barreiros á Picaraña; Leste, parcela segregada por José Manuel Beiras Castro denominada Parcela 3B e Oeste, parcela segregada denominada Parcela 1B.

VALOR.....1.457,01 €

1222013.- Na planta baixa do edificio da Casa da Cultura, construíuse un zaguán na entrada da porta para facer de cortaventos, cunha estrutura de perfís de aceiro inoxidable e vidro templado. A obra foi subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña mediante o Convenio de Colaboración 132/2013 e adxudicada por Resolución da Alcaldía do 11 de xullo de 2013 á

empresa Visual Projet Management SLNE, e foron recibidas polo concello o 23/09/2013. Queda o ben afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención pola Deputación durante un prazo de cinco anos.

VALOR..... 4.521,86 €

1222015.- No edificio descrito neste epígrafe, destinado a gardería municipal, realizáronse obras de mellora da envolvente exterior para conseguir un maior aforro enerxético e eliminar as humidades existentes. Para elo utilizouse unha solución co sistema de illamento tipo coteterm, baseado na adhesión de placas illantes ao soporte mediante morteiro e fixación mecánica con espiga e cravo expansionante. A protección da placa fíxose cunha malla e finalizouse cunha capa de imprimación.

A obra foi subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña mediante o Convenio de Colaboración 133/2013 e adxudicada por Resolución da Alcaldía do 11 de xullo de 2013 á empresa Redesyl SL, e foron recibidas polo concello o 23/09/2013. Queda o ben afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención pola Deputación durante un prazo de cinco anos.

VALOR..... 17.931,80 €

As pistas descritas nos seguintes epígrafes foron acondicionadas no ano 2013 coas axudas do Plan Provincial de Obras e Servicios 2013, incluídas no proxecto “Mantemento de estradas, aldeas de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira”. As obras consistiron na limpeza das pistas e das cunetas, así como bacheo con rego asfáltico. As obras foron realizadas por administración do concello, por un importe de 85.570,58 € e foron recibidas polo concello o 16 de decembro de 2013.

1527211 VIOXO DE ARRIBA – BRETA
1525201 SACRAMENTAL TEMBRA - BOULLON

1525401 IGREXA DE BOULLON - PEDREIRA

VALOR..... 85.570,58 €

As beirarrúas descritas nos seguintes epígrafes foron acondicionadas no ano 2013 coas axudas do Plan Provincial de Obras e Servicios 2013, incluídas no proxecto “Mantemento de beirarrúas na parroquia de Brión e os Ánxeles”. As obras consistiron na reparación de beirarrúas, cunha limpeza xeral, para eliminar vexetación e sucidade e recolocación das baldosas en mal estado. As obras foron realizadas por administración do concello, por un importe de 37.750,00 € e foron recibidas polo concello o 5 de decembro de 2013.

1524105 LIÑARES-CASTRIGO
1510003 BRION-MOURENTANS
1521108 BALNEARIO DO TREMO

VALOR..... 37.750,00 €

1527212.- Porción de camiño de concentración parcelaria da zona de Nináns. Lonxitude 34,20 metros e anchura media de 1,50 metros, sendo a extensión superficial de 66, 00 m².

VALOR..... 450,00 €

1527213.- Camiño situado na aldea de Nináns. Discorre polo vento norte da propiedade de Vicente Freire Gómez. Lonxitude de 63,40 metros e cun ancho medio de 4,00 metros, sendo a extensión superficial de 304 m². Por Resolución da Alcaldía do 28/01/2013, o Concello de Brión e D. Vicente Freire Gómez permutaron o ben inmovible descrito no epígrafe 1527212 polo descrito

neste epígrafe, que se formalizou en documento administrativo o 20/03/2013, logo da tramitación do expediente de desafectación da porción do camiño.

VALOR..... 450,00 €

7. MOBLES

7.07. Garaxe-almacén

7070001.- Martillo Bosch GSH11: 863,94 €

7.08. Casa de Cultura

7080001.- Fotocopiadora multifunción Láser Konica Minolta C362: 1.754,50 €

7.10. Grupos Escolares

7100004.- Cadena musical: 79,00 €

Cadena panasonic: 95,00 €

Ventilador SP: 35,00 €

Mesa de 115x40x2 en melamina cor con unha pata: 68,97 €

Moble de 150x40x120 en melamina de carballo de 19 mm hidrófugo con estantes en parte alta e portas en parte baixa en melamina de sapelly: 187,55 €

Subministro e colocación de 2 pechaduras para moble: 52,03 €

Cambiador fixo de 110x72x3 en madeira de pino macizo: 90,75 €

Escaleira cambiador en madeira de pino macizo: 102,85 €

Banco de 4 pezas de 125x30x20 en melamina de 19 mm con canto de pvc de 1 mm: 96,80 €

Mesa de 378x50x3 en melamina con canto pvc de 1 mm: 82,28 €

7.13. Edificio de Protección Civil

7130001.- Monitor LG 19": 222,64 €

7.21. Pinturas

PINTURAS: doadas polos autores participantes no programa BrionArte

Título: "The Beach"

Autor: Enrique Ochotorena

Técnica: Acuarela

Medidas: 54 x 74 cm.

Valor: 900 €

Valor total.....900 €

PINTURAS: premiadas no sexto Certame de Pintura Novos Valores 2009

Título: "Refineria"

Autor: Oscar Cabana Picado

Premio: 1º Categoría B (+ 18 anos)

Técnica: Mixta sobre lenzo

Medidas: 150 x 100 cm.

Valor: 1.500 €

Título: "Sen título"
Autor: Ana Varela Ramos
Premio: 2º Categoría B (+ 18 anos)
Técnica: Óleo sobre lenzo
Medidas: 100 x 81 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Jardín hipnótico"
Autor: Paula González Freire
Premio: 1º Categoría A (14-17 anos)
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 81 x 81 cm.
Valor: 600 €

Título: "Despois"
Autor: Sara Pazo González
Premio: 2º Categoría A (14-17 anos)
Técnica: Mixta sobre taboa
Medidas: 85 x 85 cm.
Valor: 400 €

Valor total..... 3.500,00 €

PINTURAS: premiadas no sétimo Certame de Pintura Novos Valores 2010

Título: "Sombras"
Autor: Adrian Penido Nuñez
Premio: 1º Categoría B (+18 anos)
Técnica: Mixta sobre táboa
Medidas: 122x100 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Como te ves, me vi"
Autor: Mª Cristina Fernández Bravo
Premio: 2º Categoría B (+18 anos)
Técnica: Acrílico sobre táboa
Medidas: 80x123 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Noite"
Autor: Jairo Ramos Rey
Premio: 1º Categoría A (14-17 anos)
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 90x90 cm.
Valor: 600 €

Título: "Sen título"
Autor: Raquel López Vázquez
Premio: 2º Categoría A (14-17 anos)
Técnica: Óleo sobre lenzo
Medidas: 116x90
Valor: 400 €

Valor total..... 3.500,00 €

PINTURAS: premiadas no oitavo Certame de Pintura Novos Valores 2011

Título: "Familia IV"
Autor: Diego Vites García
Premio: 1º Categoría B (+18 anos)
Técnica: Óleo sobre lenzo

Medidas: 145x138 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Ángel"
Autor: Beatriz Seijo Lamas
Premio: 2º Categoría B (+18 anos)
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 146x114 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Revolución Africana"
Autor: Jairo Ramos Rey
Premio: 2º Categoría A (14-17 anos)
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 81x100 cm.
Valor: 400 €

Valor total..... 2.900,00 €

Pinturas doadas polos autores que participaron no programa V ENCONTRO COA ARTE
"LEMBRANDO A UXÍO NOVONEYRA" celebrado neste Concello no mes de Xuño de 2010.

Título: "Río Pego"
Autor: Beatriz Ansede
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 60 x 60 cm.
Valor: 800 €

Título: "Río Pego"
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 57 x 77 cm.
Valor: 700 €

Título: "Horizonte en Brión"
Autor: Manuel Suarez
Técnica: Mixta sobre taboa
Medidas: 54 x 81 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Río Pego III"
Autor: Pedro Bueno Salto
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 38 x 46 cm.
Valor: 1.200 €

Título: "Bastavales"
Autor: Alfonso Costa
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 46 x 55 cm.
Valor: 2.000 €

Título: "O río"
Autor: Mª Manuela Diaz Orjales
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 92 x 73 cm.
Valor: 800 €

Título: "Río Pego"
Autor: Frutos Casado de Lucas
Técnica: Acuarela
Medidas: 61 x 46 cm.

Valor: 1.000 €

Título: "Luces en la Carballeira de Santa Minia"

Autor: Manuel Gandullo

Técnica: Acuarela

Medidas: 77 x 57 cm.

Valor: 900 €

Título: "Iglesia de Os Anxeles"

Autor: Ricardo de Arce

Técnica: Acuarela

Medidas: 46 x 61 cm.

Valor: 700 €

Título: "Río Pego"

Autor: Angeles Jorroto

Técnica: Acrílico sobre lenzo

Medidas: 90 x 30 cm.

Valor: 600 €

Título: "Igrexa de Sta. Minia"

Autor: Javier Del Valle

Técnica: Acuarela

Medidas: 48 x 35 cm.

Valor: 500 €

Título: "Columna"

Autor: Jano Muñoz

Técnica: Acrílico sobre lenzo

Medidas: 38 x 46 cm.

Valor: 1.500 €

Título: "Carballeira de Santa Minia"

Autor: Enrique Ochotorena

Técnica: Acuarela

Medidas: 61 x 46 cm.

Valor: 600 €

Título: "Río Pego cuatro vistas"

Autor: Enrique Ochotorena

Técnica: Acuarela

Medidas: 61 x 46 cm.

Valor: 800 €

Título: "Carballeira Sta. Minia"

Autor: Victor Rey

Técnica: Acrílico sobre lenzo

Medidas: 61 x 50 cm.

Valor: 400 €

Título: "Aqua Nº 10"

Autor: Luis Ocaña

Técnica: Fotografía

Medidas: 42 x 30 cm.

Valor: 300 €

Título: "Capela de Santa Minia"

Autor: Luis Romero

Técnica: Oleo sobre taboa

Medidas: 50 x 40 cm.
Valor: 650 €

Título: "Santa Minia"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 57 x 77 cm.
Valor: 650 €

Título: "Bastavales"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 77 x 57 cm
Valor: 650 €

Título: "Paisaxe"
Autor: Chelo Rodríguez
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 54 x 65 cm.
Valor: 500 €

Título: "Camino de Bastavales"
Autor: José M^a Ysmer
Técnica: Acuarela
Medidas: 54 x 37 cm.
Valor: 400 €

Título: "Sen título"
Autor: Ricardo Pérez Rilo
Técnica: Collage e acrílico sobre lenzo
Medidas: 70 x 50 cm.
Valor: 800 €

Título: "Encontro no Río Pego e Bastavales"
Autor: Jaime Galdeano
Técnica: Acuarela
Medidas: 54 x 37 cm.
Valor: 800 €

Título: "Sta. Minia"
Autor: Laureano Vidal
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 61 x 50 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "No río Pego"
Autor: M^a Xesús Díaz
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 100 x 80 cm.
Valor: 1.100 €

Título: "Bastavales"
Autor: Xosé Vazquez Castro
Técnica: Acrílico sobre taboa
Medidas: 40 x 80 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Sen título"
Autor: Rafael Arroyo
Técnica: Fotografía

Medidas: 59 x 42 cm.
Valor: 200 €

Título: "Deconstrucción en Brión"
Autor: Tino Poza
Técnica: Acrílico sobre papel
Medidas: 40 x 50 cm.
Valor: 600 €

Título: "Liquen de Bastavales"
Autor: Carmen Hermo
Técnica: Acrílico e grafito sobre lenzo
Medidas: 70 x 50 cm.
Valor: 300 €

Título: "Sen título"
Autor: M^a Manuela e Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 51 x 70 cm.
Valor: 1.000 €

Valor total.....24.450 €

Pinturas doadas polos autores que participaron no programa VI ENCONTRO COA ARTE
"LEMBRANDO A LUÍS SEOANE" celebrado neste Concello no mes de Xuño de 2011.

Título: "Lugar de Brión"
Autor: Beatriz Ansedo
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 90 x 90 cm.
Valor: 1.300 €

Título: "Río Pego II"
Autor: Frutos Casado de Lucas
Técnica: Acuarela
Medidas: 46 x 61cm.
Valor: 800 €

Título: "Puntos de ruptura"
Autor: Yolanda Carbajales
Técnica: Grabado a la manera negra
Medidas: 35 x 50 cm.
Valor: 500 €

Título: "Carballeira"
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 61 x 46 cm.
Valor: 300 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: Alfonso Costa
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 60 x 73 cm.
Valor: 3.000 €

Título: "O Pego"
Autor: M^a Manuela Diaz Orjales
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 100 x 100 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Reflexo"
Autor: Morquecho
Técnica: Óleo sobre lenzo
Medidas: 35 x 41 cm.
Valor: 2.000 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 56 x 76 cm.
Valor: 700 €

Título: "Os Anxeles"
Autor: José Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 69 x 49 cm.
Valor: 600 €

Título: "Vista del puente (Ponte Maceira)"
Autor: Javier del Valle
Técnica: Acuarela
Medidas: 36 x 50 cm.
Valor: 400 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: Ricardo de Arce
Técnica: Acuarela
Medidas: 46 x 61 cm.
Valor: 500 €

Título: "Puente Maceira (Reflejos)"
Autor: José M^a Ysmer
Técnica: Acuarela
Medidas: 37 x 54 cm.
Valor: 600 €

Título: "Atardecer no río Pego"
Autor: Nuria Vilanova
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 60 x 80 cm.
Valor: 450 €

Título: "No río Pego"
Autor: Enrique Ochotorena
Técnica: Acuarela
Medidas: 51 x 36 cm.
Valor: 300 €

Título: "Bosque II"
Autor: Enrique Ochotorena
Técnica: Acuarela
Medidas: 54 x 74 cm.
Valor: 600 €

Título: "Remanso (Homenaje a Luís Ocaña)"
Autor: Enrique Ochotorena
Técnica: Acuarela
Medidas: 50 x 70 cm.
Valor: 700 €

Título: "Paseo río Pego"
Autor: Victor Rey
Técnica: Acuarela
Medidas: 51 x 40 cm.
Valor: 280 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: Luis Romero
Técnica: Oleo sobre lenzo
Medidas: 60 x 73 cm.
Valor: 750 €

Título: "Iglesia de Os Anxeles"
Autor: Manuel José Mendez Cavanillas
Técnica: Acuarela
Medidas: 40 x 20 cm.
Valor: 400 €

Título: "En el río"
Autor: José Antonio Regidor e José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 61 x 46 cm
Valor: 600 €

Título: "Paisaxe I"
Autor: Chelo Rodríguez
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 54 x 65 cm.
Valor: 500 €

Título: "Xadrez III"
Autor: Chelo Rodríguez
Técnica: Oleo sobre lenzo
Medidas: 60 x 82 cm.
Valor: 700 €

Título: "Sen título"
Autor: Ricardo Pérez Rilo
Técnica: Acrílico sobre madera
Medidas: 120 x 100 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Brión"
Autor: Francis M. Marrouch
Técnica: Acuarela
Medidas: 46 x 61 cm.
Valor: 600 €

Título: "Pintando en Pego"
Autor: Laureano Vidal
Técnica: Acrílico sobre táboa
Medidas: 30 x 60 cm.
Valor: 800 €

Título: "Luces"
Autor: Laureano Vidal
Técnica: Acrílico sobre táboa
Medidas: 30 x 60 cm.
Valor: 800 €

Título: "Brión"
Autor: Jaime Galdeano
Técnica: Acuarela
Medidas: 51 x 70 cm.
Valor: 500 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: M^a Xesús Diaz
Técnica: Mixta sobre táboa
Medidas: 32 x 63 cm.
Valor: 580 €

Título: "Rincón Río Pego"
Autor: Xosé Vazquez Castro
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 100 x 100 cm.
Valor: 2.500 €

Título: "Amanecer en el Tambre"
Autor: Rafael Arroyo
Técnica: Fotografía
Medidas: 28 x 45 cm.
Valor: 150 €

Título: "Río Pego"
Autor: Francisco García Rey
Técnica: Acuarela
Medidas: 49 x 38 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Ai Carballeira"
Autor: Carmen Hermo
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 50 x 73 cm.
Valor: 600 €

Título: "30 Retratos"
Autor: Xosé Vizoso
Técnica: Lápiz sobre papel
Valor: 1.500 €

Valor total..... 28.010 €

Pinturas doadas polos autores que participaron no programa VII ENCONTRO COA ARTE
"LEMBRANDO A CASTELAO" celebrado neste Concello no mes de Xuño de 2012.

Título: "Anima"
Autor: Alba Roqueta
Técnica: Acrílico sobre cartón
Medidas: 60 x 40 cm.
Valor: 500 €

Título: "Río Pego"
Autor: Alfonso Costa
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 60 x 73 cm.
Valor: 3.000 €

Título: "Fantasía no río Pego"
Autor: Beatriz Ansede
Técnica: Acrílico sobre lenzo

Medidas: 46 x 55 cm.
Valor: 500 €

Título: "A madeira de Ons"
Autor: Carmen Hermo
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 54 x 130 cm.
Valor: 400 €

Título: "Os Anxeles"
Autor: Enrique Ochotorena
Técnica: Acuarela
Medidas: 32 x 46 cm.
Valor: 400 €

Título: "Sol no Río Pego"
Autor: Isabel Pintado
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 50 x 50 cm.
Valor: 580 €

Título: "El mar tranquilo de las Rias Gallegas - Rianxo"
Autor: Jaime Galdeano
Técnica: Acuarela
Medidas: 32 x 52 cm.
Valor: 400 €

Título: "Chopos"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 74 x 54 cm.
Valor: 700 €

Título: "Por la mañana"
Autor: José Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 34 x 49 cm.
Valor: 450 €

Título: "Panorámica de Segovia"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 54 x 74 cm.
Valor: 800 €

Título: "Casa de Pescador"
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 47 x 33 cm.
Valor: 300 €

Título: "Bastavales"
Autor: José M^a Ysmer
Técnica: Acuarela
Medidas: 32 x 49 cm.
Valor: 400 €

Título: "Rianxo"
Autor: José Paredes

Técnica: Acuarela
Medidas: 29 x 40 cm.
Valor: 250 €

Título: "Brión-Río Pego"
Autor: Josep Cruañas
Técnica: Acuarela
Medidas: 59,5 x 44 cm.
Valor: 1.800 €

Título: "Central Park. New York"
Autor: Josep Cruañas
Técnica: Acuarela
Medidas: 48 x 65,5 cm.
Valor: 2.300 €

Título: "Marina"
Autor: Luis Romero
Técnica: Acuarela, Acrilico
Medidas: 54,5 x 74,5 cm.
Valor: 1.350 €

Título: "Horreo"
Autor: Manuel José Mendez Cavanillas
Técnica: Acuarela
Medidas: 48 x 33 cm.
Valor: 500 €

Título: "Arbores do Pego"
Autor: Manuela Vázquez Rodríguez
Técnica: Oleo sobre lenzo
Medidas: 40 x 40 cm.
Valor: 400 €

Título: "O Pego"
Autor: M^a Manuela Díaz Orjales
Técnica: Acuarela
Medidas: 29 x 40 cm.
Valor: 400 €

Título: "Río Pego I"
Autor: M^a Manuela e José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 33 x 47 cm.
Valor: 500 €

Título: "Río Pego II"
Autor: M^a Manuela e José Galarzo
Técnica: Acuarela sobre táboa
Medidas: 44 x 36 cm
Valor: 500 €

Título: "Unha mañá no río Pego"
Autor: M^a Xesús Díaz
Técnica: Acrilico sobre lenzo
Medidas: 80 x 80 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Tree"
Autor: Rafael Arroyo

Técnica: Fotografía
Medidas: 29 x 38 cm.
Valor: 150 €

Título: "Barcas"
Autor: Ricardo de Arce
Técnica: Acuarela
Medidas: 39 x 53 cm.
Valor: 400 €

Título: "Sen título"
Autor: Ricardo Pérez Rilo
Técnica: Acrílico sobre madeira
Medidas: 120 x 100 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Porta Camposanto de Ons"
Autor: Xosé Vazquez Castro
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 55 x 46 cm.
Valor: 800 €

Título: "Paseo do Pego"
Autor: Xosé Vizoso
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 46 x 55
Valor: 800 €

Título: "Sen título"
Autor: Jano Muñoz
Técnica: Óleo sobre lenzo
Medidas: 73 x 50 cm.
Valor: 1.500 €

Título: "Maxía no Río Pego"
Autor: Chelo Rodríguez
Técnica: Oleo sobre lenzo
Medidas: 38 x 46 cm.
Valor: 400 €

Valor total.....23.480 €

BAIXAS

Por acordo do Pleno do 21/12/2012, elevado a definitivo por Resolución da Alcaldía do 05/02/2013, desafectouse como ben de dominio público a parcela descrita no seguinte epígrafe:

1223003.- Os Anxeles-Estrar, finca denominada Pedra Aguda. Por acordo, do Pleno de 24.6.86, este terreo foi segregado dunha finca que fora propiedade municipal. Esta nova finca, que permanece coa denominación de Pedra Aguda, ten unha superficie de unha área dezaseis centiáreas, conceptuándose como ben de dominio público adscrito ó servizo público. Límites: norte, parcela matriz propiedade do Concello nº 72 do Inventario; sur, pista de Guisande; leste, parcela nº 72; oeste, Manuela Ares Bello e outros. Valor segundo peritaxe técnico: 100.000 pts.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira ó tomo 721, libro 136, folio 94, finca 14542, 1ª anotación. Referencia catastral: 6939502NH2464S0001AZ.

Por Resolución da Alcaldía do 22/02/2013, mediante expediente para a enaxenación por venda directa, acordouse vender a parcela a Ruperto Rivas Lesta e a Dolores García Sánchez polo prezo de 1.160,00 € e formalizouse en escritura pública o 13/03/2013, ante a notaría de Negreira, expediente número 180.

VALOR..... 1.160,00 €

1527212.- Porción de camiño de concentración parcelaria da zona de Nináns. Lonxitude 34,20 metros e anchura media de 1,50 metros, sendo a extensión superficial de 66, 00 m², previa desafectación e posterior permuta con D. Vicente Freire Gómez, aprobada por resolución da Alcaldía do 28.01.2013.

VALOR..... 450,00 €

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2013

Altas no ano 2013	435.833,90 €
Baixas no ano 2013	1.610,00 €
Inventario a 31.12.2012	34.333.147,46 €
Inventario a 31.12.2013	34.767.371,36 €

2º) Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

14º) MOCIÓNS.

Apróbase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

1. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO(BNG) CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción sinalada, que transcrita di:

Organizacións como Cáritas calculan que en Galicia máis de 600.000 persoas sofren pobreza e unhas 120.000 están en situación de pobreza severa. Desde 2009 os fogares con todos os membros no paro duplicáronse e, en apenas catro anos, os núcleos familiares nos que non entra ningún ingreso medraron un 63%. Este é o plano de fondo ante o que medran as reclamacións de medidas para frear unha das consecuencias desta situación, a pobreza enerxética

A falta de recursos para manter o fogar en condicións térmicas adecuadas durante os meses invernaís, que afecta a case un 20% da poboación galega, foi abordada non pasados días no Congreso dos Deputados. Alí, o PP vetou unha iniciativa apoiada pola oposición en pleno para, entre outros aspectos, impedir que as persoas sen recursos económicos perdan o subministro de luz ou gas durante o inverno se non o poden pagar.

O BNG recolle unha das propostas centrais do Comité Económico e Social Europeo para paliar este problema: a instauración das denominadas "treguas invernaís" que impidan "os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar as facturas", cando menos" durante o período máis duro do inverno". A permanente redución dos orzamentos públicos e o encarecemento da enerxía, provocan que cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social. Neste contexto, os gobernos locais tamén deben tomar medidas propias e impulsar diante do Estado español e da Xunta iniciativas para garantir esa prestación de servizos básicos aos grupos máis desfavorecidos.

No caso do noso concello, seguramente que, os Servizos Sociais coñecen polo miúdo o número de persoas que se atopan con este problema e de seguro que son moitos máis dos que pensamos. Neste sentido é polo que propoñemos que o concello en Pleno tome en consideración as seguintes propostas:

1. Solicitar da Xunta de Galiza a realización das modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza extrema.
2. No ámbito municipal adoptar medidas prácticas urxentes para evitar dramáticas consecuencias e en consecuencia atender os casos que se nos poidan presentar mediante os fondos da partida de "axudas de emerxencia."
3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico coma para as empresas.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que estamos totalmente de acordo coa moción, se ben a emendamos no senso de que se retire o apartado dispositivo núm. 2 da mesma porque non é preciso, xa que estas situacións se están realizando de xeito cotiá en servizos sociais do Concello e así previo informe técnico de servizos sociais e informe de existencia de crédito de intervención, se aproban por resolución de alcaldía e que cada vez hai máis casos e xa se está a facer no Concello.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non o podo retirar, pero se acepta que se poña que se manteña a liña de traballo municipal.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción emendada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda en consecuencia aprobado o seguinte acordo:

1. Solicitar da Xunta de Galiza a realización das modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza extrema.

2. No ámbito municipal que se manteña a liña de traballo municipal.
3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico coma para as empresas.

2. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO(BNG) SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción sinalada, que transcrita di:

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

É evidente que esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. Con todo non hai parecido coas perspectivas que se nos aveciñan, se finalmente o Goberno do Estado e en concreto o Ministro Gallardón se atreve a poñer en vigor a nova lei que está a cociñar.

O goberno do PP pretende con esta nova lei, que ven aprobar e vai levar o pomposo nome de Ley Orgánica de Protección de la Vida del Concebido y de los Derechos de la Mujer Embarazada, un retroceso de décadas e que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG considera que o Pleno da Corporación Municipal debe manifestarse sobre esta nova norma que elimina dereitos consolidados das mulleres, e polo que propón a toma en consideración dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
2. Rechazar que o Goberno do Estado permita a entrada en vigor da nova norma chamada "Ley Orgánica de Protección de la Vida del Concebido y de los Derechos de la Mujer Embarazada".
3. Aprobar que o Concello poña en marcha unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que

contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei e se explique os prexuízos de aplicarse a nova norma.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que non teño inconveniente en apoiala sempre que haxa transacción, no senso de suprimir o apartado dispositivo núm. 3 polo coidado e sensibilidade que hai que ter neste tema, e porque nos servizos sociais municipais non só se informa senón que se garante e apoia tanto a nivel individual como familiar, aceptamos a moción sempre que se elimine ese apartado polo BNG, senón presentaremos a nosa propia moción.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o apartado 3 ten o interese de que o Concello non se desentenda destes problemas.

O Sr. Alcalde sinala que non o fai.

O Sr. Concelleiro sinala que sei que pode causar algún problema, pero que se está a facer, se vai seguir facendo, e se da ese apoio, eu non teño ningún problema en retirar ese punto.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción emendada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

A Sr^a. Concelleira Cobas Cajuso en explicación de voto sinala que a información neste tema é moi importante.

Queda en consecuencia aprobado o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

2. Rechazar que o Goberno do Estado permita a entrada en vigor da nova norma chamada "Ley Orgánica de Protección de la Vida del Concebido y de los Derechos de la Mujer Embarazada".

3º) ESCRITO DE CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DIMISIÓN DO CARGO DE CONCELEIRA.

Dada lectura do escrito presentado pola concelleira do grupo municipal do PP D^a. María del Mar Cobas Cajuso, de data 26.02.2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 875, do 26.02.2014, polo que comunica ao Concello a súa dimisión, por motivos persoais do cargo de concelleira, que lle imposibilitan para levar a cabo o seu desempeño coa dedicación e o esforzo que o mesmo merece, así como de todas as obrigas derivadas desa condición.

O Sr. Alcalde sinala que quere agradecer o traballo feito por M^a del Mar, agradecer as xestións feitas polo Concello porque me consta que as fixo, e sinala que aquí queda un grupo de amigos para botar unha man no que sexa necesario, con independencia da política.

A Sr^a. Concelleira sinala que quere dar as grazas e pedir desculpas polos trastornos que puidera ter ocasionado, pero que as veces situacións persoais obrigan a renunciar, grazas a todos.

Consonte co disposto na instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, o Pleno:

1º) Toma coñecemento da renuncia do cargo de concelleira de D^a. María del Mar Cobas Cajuso, concelleira do grupo municipal do PP, indicando que a xuízo da Corporación a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante consonte coa lista de candidatos proclamados polo PP nas últimas eleccións municipais do ano 2011 é D. Saturnino Abete Redondo.

2º) Que se remita certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que proceda a expedir a credencial de concelleiro para os efectos da substitución da concelleira dimisionaria.

15º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal mixto (BNG):

1.- Desde o CEIP de Pedrouzos chéganos queixas sobre o estado do centro. A comunidade escolar denuncia que existen pingueiras en distintas dependencias do centro, filtracións, falsos teitos estragados pola acumulación de auga, luminarias caídas, empozamentos que inutilizan algún dos accesos ó patio de recreo dos máis pequenos, tubaxes oxidadas que fan imposible consumir a auga da billa, depósito de gas inutilizado por fugas ..., son só algúns dos danos que sofre o CEIP de Pedrouzos, en Brión. O pavillón de Primaria ten preto de 30 anos, pero as dependencias de Infantil, con apenas 5 desde a súa posta en funcionamento, son as que precisan una intervención máis urgente.

Parece ser que a Administración educativa xa ten coñecemento destes problemas.

Queremos saber se o Goberno Municipal ten coñecemento dos prazos que se ten marcado as autoridades educativas para arranxar estas deficiencias e cal vai ser o grao de actuación no centro, en concreto os traballos que se acometerían nas vellas instalacións de Primaria, os arranxos nas instalacións de gas e a urgente intervención nas instalacións de Infantil.

Responde o Sr. Alcalde que voules ler o informe feito polo arquitecto municipal sobre o asunto, que di:

Hai un mes realizouse visita de inspección por parte dos servizos técnicos da Consellería de Educación, achegándose ata o centro o delegado provincial, o arquitecto xefe do servizo, así como os representantes da ANPA e o arquitecto municipal e ante a presenza do director do centro. O obxecto da visita era o de comprobar o estado das instalacións e concretamente identificar as distintas deficiencias que ven sufrindo o centro. Estas deficiencias afectan tanto ao edificio orixinal como á ampliación/reforma recentemente realizada pola propia consellería. Durante a visita puido comprobarse o estado defectuoso de partes do solado de goma instalado con motivo da ampliación/reforma mencionada, así como dos distintos problemas de humidade que afectan tanto ao edificio orixinal como á propia ampliación. Tamén se abordou o problema que afecta á instalación de auga do grupo de aseos da planta baixa, debido ao deterioro e a antigüidade das distintas conducións, o cal motiva que a calidade da auga non sexa apta para o uso e, de aí que o propio director, nos indique que se está a estremar o coidado co uso da mesma por parte dos nenos. Nesta cuestión os servizos técnicos da consellería tomaron as oportunas notas de cara a resolver o problema canto antes, dada a doada e inmediata solución, toda vez que neste caso non provén das inclemencias e das extremas condicións meteorolóxicas externas, como no caso dos distintos problemas de humidade e filtracións, que si requiren dun estudo máis profundo e dun prazo maior e, sempre en compañía dun clima seco.

Rematada a visita e despois de facer as oportunas reclamacións e peticións por parte dos representantes do centro (ANPA e dirección), así como de facer unha primeira avaliación polos técnicos alí presentes, o propio delegado comprometeuse a realizar as pertinentes xestións para realizar as conseguintes reparacións e, sempre dentro dun prazo prudente e fora da tempada de choivas, a cal este ano está a ser moi severa. Con respecto ao ascensor, o cal merece un punto de atención especial, manifestamos a nosa preocupación, toda vez que esta instalación está sen funcionar, xa que o foso do mesmo está totalmente inundado.

Xa no referente aos prazos debemos de indicar que desde os servizos técnicos deste Concello estamos a manter unha continua comunicación e que onte mesmo, e a petición do arquitecto da consellería, se lle remitiu informe - valoración da reforma do ascensor, o cal si merece un interese especial, dado o servizo que presta e máxime tendo en conta que o custe das obras non parece moi elevado, en clara contraposición dos arranxos a realizar sobre as distintas cubertas e paramentos exteriores do actual centro.

Na mencionada visita, os representantes da consellería tamén amosaron o seu compromiso de cara a solucionar o problema do ascensor e, incluso o arquitecto municipal lles propuxo unha solución, precisamente a solución valorada que se lles remitiu por correo electrónico e, que propón o bombeo da grande cantidade de auga filtrada nesta intensa tempada de choivas.

Tamén comentar ao respecto das citadas obras, que a reparación do mesmo non entra dentro do programa de mantemento a realizar polo concello, pois trátase dunha anomalía que deriva dunha mala execución no proceso construtivo da obra, correspondéndolle á consellería. Esta cuestión, comentada na mencionada visita, tampouco se cuestionou e si se barallaron distintas alternativas, etc..

E xa no referente ás operacións e actuacións realizadas polo Concello, amén das distintas xestións realizadas (telefono, correo-e, etc..) ante os servizos técnicos da consellería, debemos de informar que de xeito regular, e desde fai un mes se están a realizar operacións de baleirado do foso. A cantidade de auga que entra no mesmo é cuantiosa, podendo encherse nun prazo de 3-4 días (1,50 m3). A altura da auga chega case ata a plataforma de arranque (uns 90 cms), provocando problemas de corrosión sobre os mecanismos, como ben se puido comprobar por parte do técnico que subscribe e, en visita realizada fai unha semana, con motivo da inspección realizada polo técnico do servizo de mantemento do ascensor/casa "Shindler").

E xa por último tan só indicar que, tal como se nos traslada desde os servizos técnicos adscritos á Consellería de Educación, a problemática estase a estudar e que posiblemente os problemas detectados se acometeran en distintas fases, sempre en función da precariedade, da urxencia, da viabilidade, da oportunidade e, tamén á espera de que as inclemencias do tempo amainen; xa que incluso para poder estudar os distintas patoloxías que afectan á envolvente do centro (cubertas, fachadas, etc, ..) é preciso esperar ao bo tempo.

Rematada a lectura sinala o Sr. Alcalde que o tema das tubaxes de auga comezarán a próxima semana, pero para o resto necesitan bo tempo, estamos en contacto permanente con eles.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que en cinco anos é lamentable como se atopa o centro.

O Sr. Alcalde sinala que a empresa que o fixo quebrou e iso trouxo problemas, e remata sinalando que colaboraremos coa consellería todo o que poidamos.

2. Preguntas formuladas de xeito verbal polo grupo municipal mixto (BNG):

1-. Brión segue formando parte da área de turismo de Santiago?

Responde o Sr. Alcalde que neste momento o Concello de Brión forma parte de todo, incluso da Mancomunidade de Santiago, esperemos que por poucos días; engade que algún concello xa se manifestou adheríndose, pero nós temos que pensalo porque se temos que achegar cartos non é bo momento, non tomamos ningún acordo aínda, e sinala que ese área de turismo non está pensado para dar subvencións, de momento temos dúbidas e xa se verá.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e sete minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González